



**Volve ao cine.  
Volve ao mundo real.**

# **#CINEUROPA34**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA  
6/22 NOVEMBRO 2020**



**Compostela  
Cultura**

**FACEBOOK - INSTAGRAM - TWITTER**  
cineuropa.gal



Chega a trixésimo cuarta edición de Cineuropa e estou seguro de que todas e todos devecemos, máis ca nunca, por ver cine de autor, independente, internacional; que se apaguen as luces e poidamos gozar das mellores propostas cinematográficas.

Somos conscientes, tanto desde a organización do festival como no público, de que esta será unha edición especial, na que nos enfrontamos a incertezas coas que haberemos de lidar. Pero farémolo insistindo en que a cultura é segura e poñendo todo o noso esforzo en continuar programando, porque sabemos que sen cultura perdemos a nosa esencia.

En moitas ocasións referímonos ao cine como unha fiestra aberta ao mundo que nos achega outras realidades, formas de ver e facer diferentes. Cineuropa é esa fiestra pola que nos asomaremos nomeadamente ao Festival de Berlín para ver os filmes que acadaron os premios á mellor película, á mellor dirección, á mellor actriz e o premio Fipresci. Nestes tempos convulsos, Cineuropa permitíranos viaxar tamén ao Festival de Venecia para ver as cintas galardoadas pola mellor dirección e o mellor actor, así como o gran premio do xurado e o premio especial do xurado e ao de Annecy para gozar da mellor longametraxe alí proxectada. Tribeca, o Festival de Deauville e os filmes premiados nos festivais de San Sebastián e Málaga completan este palmarés internacional.

Cineuropa é sempre esixencia de calidade e nesta edición poderemos volver comprobalo nas máis de 80 películas que incluírán as estreas máis recentes e mellor valoradas pola crítica do cinema europeo e internacional, nun percorrido xeográfico que nos levará de Portugal a Xapón, pasando por Francia, Alemaña, Inglaterra,

Grecia, Italia, Polonia, Serbia, Croacia, Dinamarca, Arxentina, Brasil, Corea... e de volta a casa, ao cinema galego que non deixa de nos sorprender cada ano.

Cineuropa é un lugar de encontro cos nomes máis prestixiosos na dirección cinematográfica a nivel galego, estatal e internacional. Desde as butacas do Teatro Principal, o Salón Teatro, o Auditorio de Galicia e Numax poderemos testar o excelente nivel artístico e técnico deste programa cheo de propostas ambiciosas e sorprendentes.

Nesta 34 edición quero reiterar o agradecemento ás achegas imprescindibles que fan que Cineuropa sexa unha realidade, especialmente ao Consorcio de Santiago e á Deputación da Coruña. Tampouco quero esquecer a todas aquelas empresas da cidade que levan anos apoiando o Festival; a todos e todas as que camiñades con nós cada outono de cinema, grazas.

E, por último, gustaríame agradecer a súa participación ao público que ano tras ano enche as salas e demostra que Compostela é a capital galega da Cultura. Este ano pregamos a vosa comprensión, diante das restricións derivadas da pandemia, e calquera inconveniente que se nos poida presentar. Coa responsabilidade e coidado de todos e todas, a cultura seguirá sendo segura. Poñamos a máscara, respectemos as distancias de seguridade e volvamos ao cine. Comeza a 34 edición de Cineuropa.

Xosé A. Sánchez Bugallo  
Alcalde de Santiago de Compostela

Nos tempos máis desapracibles a cultura é ese territorio aramado mentres se estende o cerco ao redor. Manter Cineuropa neste novembro hostile era unha necesidade imperiosa. Se o festival tivo nestes 33 anos algo que ver en dulcificar o preludio do inverno, como non estar agora con vostedes para tender pontes de prata ou expandir burbullas que reivindiquen a capacidade da ilusión ou da evasión, xusto cando se nos parece negar o dereito a permutar a fea realidade ou a capacidade dunha paréntese de fuxida no medio da incerteza en escalada?

Considerabamos esencial que Cineuropa manteña iluminada a súa pantalla cando tantas luces se apagan. Non é científico afirmar que a cultura, que o cinema, os teatros, as salas de concerto, salvan vidas. Si me atrevería a dicir que preservan unha parte do mellor delas. E fano nuns espazos –esas burbullas das que lles falaba– que se demostraron manifestamente seguros. Desde que o 1 de setembro, o Festival de Venecia se atreveu a abrir os seus escenarios, as salas de cinema –coas estritas medidas sanitarias de desinfección e espazo interpersonal– puideron crecer na demostración empírica de que non se coñecen brotes derivados das súas proxeccións. É infinitamente máis aséptica unha sala de cinema que un ascensor. E hai que reivindicar esa capacidade do cinema e da pantalla grande tamén como refuxios onde soñar e curar receos.

Este Cineuropa foi deseñado para que manteña a súa esencia, para que perdure durante dezasete días cunha programación que non é de continxencia senón de altos voos. Son case un centenar de películas que nos ilusionan de maneira extrema, que espaxen a súa forza e a súa enerxía vital entre vostedes. Este ano feo deparou –paradoxalmente– moita beleza en obras que non poden agardar para acompañalas e acompañalos. A práctica incomparencia de Hollywood e a súa mercadoría –non esqueceremos como cando o seu apoio ás salas era máis necesario que nunca, a Disney ou o último Bond da Metro se encolleron para non deixar de gañar nin a

metade de tres peniques, de acordo á máis mesquiña cegueira ultracapitalista– permitiu que outras cinematografías puidesen ocupar espazos. Este ano hai en Cineuropa películas de inusitada grandeza procedentes de Indonesia, de Costa do Marfil, de Corea do Sur, Xapón, China, México, Chile, Brasil, Irán ou Palestina. Agardan por vostedes as últimas creacións de grandes firmas autorais e xa vellos coñecidos deste festival como Kiyoshi Kurosawa, Christian Petzold, Thomas Vinterberg, Isabel Coixet, Cristi Puiu ou Michel Franco. E retornan Premios Cineuropa como Arturo Ripstein ou Fernando Trueba.

Atoparanse coas películas que marcaron o ano nos grandes festivais: *DAU*, *Natasha*, *Nuevo orden*, *Beginning*, *La nuée* ou *El año del descubrimiento*.

Pero tamén é unha edición para descubrir os novos realizadores que asaltaron os ceos á primeira: atención a esas *16 primaveras* de Suzanne Lindon, actriz, guionista, directora e ata coreógrafa, en todo debutante e en cada caso con virtuosismo. É o ano das directoras: ata 16 nas seccións oficiais.

Presentar todo este caudal de cinema aquí, sementar a rúa Nova en novembro, como cando eramos felices, tratábase dun deber. Seu e noso. E por que non intentar, cando menos, arrincar anacos de felicidade nova e da de sempre deses fulgores que a pantalla grande vai expandir durante estes días. Reunámonos en ilusións, aos pouquiños. Deixen que a butaca de Cineuropa –como se estivera a sala chea– os arrole como nas mil e unha noites. Van estar ben coidados. Volvemos en novembro porque nunca nos fomos. Compartamos e gocemos deste Cineuropa. Pero non coma se fose o último. O vindeiro ano, á mesma hora. E a pleno pulmón.

José Luis Losa  
Director de Cineuropa34

**PROGRAMACIÓN**

PAX. 10-14

**PREMIOS CINEUROPA**

PAX. 16-23

**PELÍCULAS DE SECCIONES OFICIAIS**

PAX. 24-27

**PROXECCIONS ESPECIAIS**

PAX. 28-31

**SECCIÓN EUROPEA**

PAX. 32-45

**PANORAMA INTERNACIONAL**

PAX. 46-54

**LATIDOAMERICANO**

PAX. 56-60

**DOCS CINEUROPA**

PAX. 62-66

**FANTASTIQUE COMPOSTELA**

PAX. 68-72

**PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO**

PAX. 74-81

**NOVOS REALIZADORES**

PAX. 82-88

**DEREITOS HUMANOS**

PAX. 90-94

**MÚSICA E CINEMA**

PAX. 95

**PELÍCULAS DE SECCIONES PARALELAS**

PAX. 96-99

**CINEUROPA MIÚDA**

PAX. 102

**MORRICONE, ESE DESCOÑECIDO**

PAX. 104-110

**A ÚLTIMA PELÍCULA. O CINEMA,  
NO CINEMA**

PAX. 112-117

**CINEFILIAS. EXPLORACIÓN  
DO CINEMA CLÁSICO**

PAX. 118-129

**PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA**

PAX. 130-133

**PELÍCULAS ORDENADAS  
ALFABETICAMENTE**

PAX. 134-139

**INFORMACIÓN PRÁCTICA**

PAX. 140-145

**EQUIPO**

PAX. 146-147

# Programa

## #CINEUROPA34

## Venres 6 de novembro

### Teatro Principal

19:30 Sesión inaugural  
Druk / Another round

## Sábado 7 de novembro

### Teatro Principal

12:00 The best is yet to come  
17:00 Druk / Another round  
20:30 Herself / Volver a empezar

### Salón Teatro

12:00 Tengo miedo torero  
17:15 Josep  
20:00 Crock of Gold: A Few Rounds with  
Shane MacGowan

## Domingo 8 de novembro

### Teatro Principal

12:30 Bliss  
17:00 Nieva en Benidorm  
20:30 Josep

### Salón Teatro

12:00 Oasis  
17:30 The woman who ran  
20:00 Herself / Volver a empezar

### Auditorio de Galicia

12:30 La cuccagna  
16:00 Modern romance / Un romance de hoxe  
19:00 Vrchní, Prchní! / Camareiro, foxe!

## Luns 9 de novembro

### Teatro Principal

16:30 L'angle mort  
20:00 Druk / Another round

### Salón Teatro

16:30 The trouble with being born  
19:30 El diablo entre las piernas

### Cinema NUMAX

16:00 La dosis  
18:00 Palabras para un fin del mundo  
+ coloquio  
20:15 Apples

### Auditorio de Galicia

16:00 Il grande silenzio / O gran silencio  
18:45 Furia Española

## Martes 10 de novembro

### Teatro Principal

17:00 Nieva en Benidorm  
20:00 Miss Marx

### Salón Teatro

17:00 It comes  
20:30 Narciso em ferias

### Cinema NUMAX

16:30 Bliss  
18:30 El prófugo  
20:30 She dies tomorrow

### Auditorio de Galicia

16:00 Gli intoccabili / Las Vegas, 1.970  
18:20 Midareru / Tormento

## Mércores 11 de novembro

### Teatro Principal

16:30 El diablo entre las piernas  
20:00 Beginning

### Salón Teatro

18:00 Tengo miedo torero  
20:30 Nuevo orden

### Cinema NUMAX

16:30 Palabras para un fin del mundo  
18:45 The trouble with being born  
20:45 The woman who ran

### Auditorio de Galicia

16:00 Metello  
18:40 Mahanagar / A gran cidade

## Xoves 12 de novembro

### Teatro Principal

17:30 Spy no tsuma / A muller do espía  
20:30 Nuevo orden

### Salón Teatro

17:00 A Frenchman  
20:15 A poeta analfabeta

### Cinema NUMAX

16:00 Desterro  
18:30 La dosis  
21:00 Sondergut

## Venres 13 de novembro

### Teatro Principal

16:00 Swallow  
18:30 16 Printemps  
20:45 Especial Venres 13: Host

### Salón Teatro

16:15 Oasis  
19:30 There is no evil

### Cinema NUMAX

16:00 Curtas galegas Sesión I  
+ presentación  
18:15 A poeta analfabeta  
20:00 The best is yet to come

### Auditorio de Galicia

16:00 La moglie piu bella /  
Soa fronte á violencia  
19:15 L'antichristo / O anticristo

## Sábado 14 de novembro

### Teatro Principal

12:30 Calamity  
17:00 Nowhere special  
20:00 Premio Cineuropa Javier Gutiérrez  
e proxección do filme El Olivo

### Salón Teatro

12:00 A Frenchman  
17:00 Impetigore  
19:45 Miss Marx

### Cinema NUMAX

15:45 Apples  
17:40 L'angle mort  
20:00 Ángeles con espada + coloquio

### Auditorio de Galicia

12:30 Il giardino delle delizie /  
O xardín das delicias  
16:00 Il federale / O federal  
19:30 Crazy Love

## Domingo 15 de novembro

### Teatro Principal

12:00 Calamity  
18:00 The father / O pai  
20:30 Gagarine

### Salón Teatro

12:00 Desterro  
17:00 Ángeles con espada + coloquio  
20:00 Spy no tsuma / A muller do espía

### Cinema NUMAX

16:15 Narciso em ferias  
18:00 La nuit des rois  
20:00 Beginning

### Auditorio de Galicia

12:30 Maratonci trce počasni krug /  
Maratón familiar  
16:00 Solino  
19:30 Das schreckliche Mädchen /  
A moza terrible

## Luns 16 de novembro

### Teatro Principal

17:00 Padre nostro  
20:15 Undine / Ondina

### Salón Teatro

17:15 A witness out of the blue  
20:00 Gagarine

### Cinema NUMAX

16:30 El año del descubrimiento  
20:30 She dies tomorrow

### Auditorio de Galicia

16:00 Film + Tempo di viaggio  
18:40 Gorod Zero / Cidade Cero

## Martes 17 de novembro

### Teatro Principal

16:30 It comes  
20:00 Dear comrades /  
Queridos camaradas

### Salón Teatro

17:30 La nuit des rois  
20:00 Impetigore

### Cinema NUMAX

16:30 Malmkrog  
20:20 A witness out of the blue

### Auditorio de Galicia

16:00 L'enfer d'Henri-Georges Clouzot  
19:00 Knoflíkári

## Mércores 18 de novembro

### Teatro Principal

17:00 Gaza mon amour  
20:00 Premio Cineuropa Margarita Ledo  
e proxección do filme Nación

### Salón Teatro

17:00 Cigare au miel  
20:00 Dear comrades /  
Queridos camaradas

### Cinema NUMAX

17:00 There is no evil  
20:00 La Nuée / A nube

### Auditorio de Galicia

16:00 Maskerade / Mascarada  
19:00 Mia zoi tin ehoume /  
Só se vive unha vez

## Xoves 19 de novembro

### Teatro Principal

17:00 La Nuée / A nube  
19:45 DAU. Natasha

### Salón Teatro

16:00 Gaza mon amour  
18:30 16 Printemps  
20:45 Undine / Ondina

### Cinema NUMAX

16:00 Curtas galegas  
sesión 2 + presentación  
18:00 Nación  
20:00 Padre nostro

#### **Auditorio de Galicia**

20:30 The Kid. Real Filharmonía de Galicia  
baixo a dirección de Timothy Brock

---

#### **Venres 20 de novembro**

##### **Teatro Principal**

16:00 Malmkrog  
20:15 Película sorpresa

##### **Salón Teatro**

16:30 Crock of Gold: A Few Rounds with  
Shane MacGowan  
19:30 DAU. Natasha

#### **Auditorio de Galicia**

16:00 Kanzô Sensei / Doutor Akagi  
19:00 Ratcatcher

---

#### **Sábado 21 de novembro**

##### **Teatro Principal**

12:00 Calamity  
17:00 El olvido que seremos  
20:15 O profesor de persa / Persian lessons

##### **Salón Teatro**

12:00 Cigare au miel  
16:00 Swallow  
18:30 The father / O pai  
21:00 Host

#### **Auditorio de Galicia**

12:30 J'ai toujours rêvé d'être un gangster /  
Sempre soñei con ser un gánster  
16:00 Miehen Työ / Un traballo de homes  
19:00 Peppermint Candy

---

#### **Domingo 22 de novembro**

##### **Teatro Principal**

12:00 El prófugo  
17:00 Nowhere special  
20:00 Premio Cineuropa Alfonso Zarauza  
e proxección do filme Ons

##### **Salón Teatro**

12:00 Sondergut  
17:00 O profesor de persa / Persian lessons  
20:00 El olvido que seremos

#### **Auditorio de Galicia**

12:30 Coeur de Lilas  
16:00 Programa especial centenario Fellini  
- Sordi: The Magic of Fellini + Guglielmo il  
dentone  
19:00 Gli occhiali d'oro / O home das gafas  
de ouro



**Compostela  
Cultura**

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)



CONCELLO DE  
SANTIAGO



#CINEUROPA34

Volve ao cine. Volve ao mundo real.

Premios  
**#CINEUROPA34**

## Javier Gutiérrez



Javier Gutiérrez Álvarez naceu en Luanco, Asturias, o 17 de xaneiro de 1971, aínda que con pouco máis dun ano a súa familia trasladouse a Ferrol. Gañou o Goya como mellor actor en 2014 por *La isla mínima* e en 2018 por *El autor*. Vén de rematar *La hija*, a súa nova colaboración con Manuel Martín Cuenca.

Comprendo a impresión que provocou a presenza de Javier Gutiérrez en *La isla mínima*, no seu pase de prensa no Teatro Principal, dentro da competición do Festival de Cine de San Sebastián de 2014. Creo que a palabra que define de xeito máis preciso aquela irrupción de Gutiérrez sería a dun shock.

O seu traballo, dentro da película de Alberto Rodríguez, é unha interpretación que posúe o valor de ser unha desas claves de bóveda sobre as cales se sustenta todo o andamiaxe

dramático no explícito dunha obra. O aspecto máis perturbador de *La isla mínima* –máis aló do evidente dos asasinatos e os corpos na marisma– é a súa lectura política dos cadáveres mal enterrados da Transición. Dos poderes do botín de guerra que chegaron ao tardofranquismo con dereito de pernada e máis. E esa ambigüidade do tipo que parece alguén en quen confiar, pero que sabes que formou parte do escuro pasado da represión e a tortura, fai do personaxe do policía que sostén de xeito titánico Javier Gutiérrez o home da situación. Sen el, todo o lúgubre fora de campo sociopolítico que axiganta *La isla mínima* non estaría aí. E para conseguir alimentar esa figura, Javier Gutiérrez desprega unha sabedoría inmensa. Fíxome pensar, cando o vin, no Gene Hackman de *Mississippi burning*, de Alan Parker, onde tamén este carga sobre os seus ombreiros cos sobreentendidos e as fallas entre a xeración dos mozos liberais de Bobby Kennedy, representados por Willem Dafoe, e a presenza de séculos do supremacismo branco. Vendo a Javier Gutiérrez en *La isla mínima* pensei tamén moito no Al Pacino das aldrabadas sobre a violencia policial, *Serpico* ou *Tarde de cans*, que asinaba como ninguén Sidney Lumet.

Naquela epifanía colectiva de Javier Gutiérrez en San Sebastián non me pareceu oportuno apuntar que aquel actor xa me impresionara nunha película de Álex de la Iglesia para a serie de televisión *Películas para no dormir* titulada *La habitación del niño*. É unha das poucas obras de Álex de la Iglesia que realmente me interesa. E dela quedeime con como Javier Gutiérrez equilibraba unha desas tramas de terror conspiranoico tan difíciles de equilibrar no arame. Si me atrevín a mencionar naquela éxtase de San Sebastián algo sobre a súa extensa e notabilísima traxectoria teatral. E que ata tiña un Max polo seu maravilloso *Argelino, servidor de dos anos*, un Goldoni relido para falar dos refuxiados e o seu sometemento ás relacións de dominio. Pero xa se sabe que para unha maioría abafadora dos críticos de cinema o teatro é ancho e alleo. De tal forma, uníame á celebración, porque a faena merecía.

Hai agora tres anos celebramos o Premio Cineuropa de Manuel Martín Cuenca coa proxección de *El autor*. E, nun golpe de efecto que preparamos e que saíu ben porque Manolo non se decatou de nada, Javier Gutiérrez apareceu no escenario para enriquecer o tributo. Logo vimos *El autor*, que é como un malsano Polanski ao *quimérico inquilino* e rebozado dunha maneira de españolear que fai aínda máis densa a atmosfera na cal Javier Gutiérrez se abre en carne viva, se reencarna nese ser que non é el, que parece o seu *doppelgänger*: ese letraferido que daría todo o que posúe por escribir un gran libro. É unha interpretación que de novo me fixo pensar nalgún dos grandes do Método. Non sei se Gutiérrez levaría nesa rodaxe cada noite a casa ao “autor”. Agardo que non. Aínda que se así fóra, a ofrenda desa interpretación valería cando menos unha libra de carne da parte máis próxima ao corazón.

Non direi máis porque Javier Gutiérrez sempre o dá todo. Podes aterrorizar en calquera punto do seu activísimo *crossover* que el transita como ponte de prata da televisión –xa sexa nunha serie xeralista ou nas *delicatessen* con Juan Cavestany– ao cinema e ao teatro (anda agora nun Raymond Carver). E sabes que en calquera punto dese arco de emocións –a tenrura de *Campeones* ou *El olivo*, a vilanía de *El desconocido*, os claroscuros dos dolorosos antiheroes que lle valeron dous Goyas, ou aquel pai enfrontado ao pánico insondable de *La habitación del hijo*– Javier Gutiérrez vai transmitir veracidade orgánica. E o sentido de admiración que provocan eses elixidos que saben como baleirarse en cada prego dos seus personaxes e retornar desa operación íntegros e aínda máis veraces. Xa terminou *La hija*, de novo co gran Martín Cuenca. É a mellor noticia que escoitei sobre o 2021.

José Luis Losa

## Margarita Ledo



Margarita Ledo Andión naceu en Castro de Rei en 1951. É Premio Nacional de Cinema e Audiovisual (2008).

Margarita Ledo, o seu cinema e a súa ansia, están presididos pola ferida do tempo. Nun país, nun estado fracturado pola desmemoria, pola amnesia como doutrina, o *establishment* da España das liberdades recuperadas logrou, por diferentes leitos (algúns directamente represivos), que aqueles que porfiaron por exhumar o que foi a Historia do século XX en España e en Galicia acaben nimbados dun veu quixotesco, no mellor dos casos. Cando Margarita decide en 2004 tratar cinematograficamente a epopea do *Santa Liberdade* choca contra ese muro de silencio e de esquecemento. Cantos cidadáns deste país coñecían, transcorridos xa 30 anos da morte do ditador, a aventura

revolucionaria do DRIL, de Galvao e Pepe Velo? Cantos a coñecen hoxe? Sabe vostede o que foi o DRIL?

A loita pola memoria é o mito de Sísifo. Un desafío fronte o cal unha axitadora como Margarita se vai negar a abdicar. O cinema como axitación, nese sentido, ten que cobrar forza non só como arquivo memorialístico, como recuperación de feitos, voces, relatos, desaparicións ou derrotas. Seguramente a Operación Dulcinea de Galvao e Velo sexa vista hoxe máis como unha representación do imposible.

Creo que desa conciencia da imposibilidade de remover o silenciado nace a característica máis vivificante do cinema de Margarita: a armazón poética, a deconstrución dos mitos. A negativa para artellar o pasado de

acordo ao canon narrativo clásico. A súa posta en escena de *Liste, pronunciado Lister*, que foi obra inaugural de Cineuropa no 2007, fálanos precisamente desa fuxida de calquera historicismo convencional. É verdade que a figura do xeneral lle sae ao paso á autora en París, como unha reclamación inescusable. “Vostede ten que facer unha película sobre o meu pai”. E que Lister perfilar? O do poema de Machado, o da Brigada do Talento ou o personaxe aniquilador do relato anarquista, sobre o cal, con tanta torpeza e maniqueísmo, se atreveron a trotar o dueto Ken Loach & Paul Laverty en Terra e liberdade?

O de Margarita Ledo é o Lister multiprismático, inseparable das súas orixes e do seu contexto. Da súa concepción como home exclusivamente do século XX, o das ideoloxías fortes. Da insólita humanización en imaxes do arquivo familiar. Todo ao que Liste, pronunciado Lister se nega como obra de revelación do mito en palimpsesto ou mosaico, avanza xa o que vai ser exploración do cinema posterior da súa directora: a negación da mirada masculina como a única posible e, en consecuencia, a obstaculización do papel da muller como obxecto de desexo. E iso, nun filme cuxo epicentro encarnaba o mito heteropatriarcal que, dunha maneira innegable, asolagou o ideal comunista nos tempos do culto ao Kremlin.

Esa creación dun canon feminino alternativo que dinamite a función da muller como obxecto flúe como un torrente n’A *cicatriz branca*, estreada en Cineuropa en 2012, e cuxos excursos poéticos e dramáticos son dirixidos cara á dobre condición ancestralmente subalterna: a de muller e a de exiliada. E Arxentina como o territorio onde se perdeu ata a palabra. Pero onde se poden comezar a gañar batallas.

E en plena consecuencia daquilo, *Nación*, que veremos neste Cineuropa singular, rearma o discurso da loita de clases desde o suxeito histórico feminino. Poderosas evocacións da muller á que axeta a acusación de endemoniada. A loita colectiva e asemblearia das mulleres de Pontesa fronte ao descaro empresarial, con tantos ecos do mellor Joaquín Jordá. E sempre a ferida do tempo: as vítimas da Guerra Civil, musitadas. As vítimas do neoliberalismo que descoñece as leis. Mulleres asasinadas entón, condenadas ao despedimento, ao arrombamento social. Mulleres ás que lles resta a axitación, o inconformismo, o ánimo colectivo de mover a roca de Sísifo. Como o cinema de Margarita. Que se ensancha.

José Luis Losa

## Alfonso Zarauza



Antes dos cadáveres exquisitos de *A noite que deixou de chover* lembro –confío en que non me falle a memoria– que o meu primeiro coñecemento de Alfonso Zarauza se produciu a través duns apuntamentos cinéfilos que el publicaba nun diario local. Se é así, eran anotacións que exhalaban devoción polo cinema e unha mirada construtiva e moi debedora do cinema clásico. Cando xa se sabe que nesa ocupación de escribidor sobre a sétima arte só se prospera xerando bile populista que abraie e te faga sentir o Defensor do Espectador, como a Encarna Sánchez da butaca. Ou ben apostando por ser o *must* das vangardas e descubrir un talento súbito en calquera diletante sobre o que ti constrúas a túa igrexa endogámica e os teus *followers*.

Se aquel Zarauza que escribía os seus apuntamentos no diario local era Alfonso –se non era el sería un dos seus cadáveres exquisitos– xa se conformaba nel unha coherencia que acompañou a súa obra cinematográfica: un xeito de ser fiel a unha idea do cinema que, sen ignorar a modernidade e as novas ondas, non renuncia ás bases narrativas do clásico. E iso, nestes tempos de tantos “ismos” forzados, é como ir a contracorrente cando o que parece que triunfa é a impostura ou a baleira solemnidade.

Lembro –isto si é seguro– como unha apertura de Cineuropa especialmente feliz a que enmarcou a estrea en 2008 da súa primeira longa, *A noite que deixou de chover*. Nel decantábase outro contraforte case cosmogónico no cinema de Zarauza. A fantasía da súa cidade, Compostela, como a Roma mitificada por Fellini virada cara

o patidifuso. Así, en *A noite que deixou de chover*, Alfonso recrea a súa Vía Veneto con *jet set* de bohemios esfarrapados, nese *Santiago-era- unha-festa* cuxo fulgor é o último escintileo antes do apagamento da crise. Ou, doutra forma, como reformula esas rúas utozadas pola luz excelente do seu xa inseparable Alberte Branco Bertitxi, como un Trastevere de colegas en ilusa fuxida cara adiante cando xa o afogo económico e vital aperta nesa película que medra e medra co tempo que se chama *Encallados*. E que tamén festexamos noutro Cineuropa.

A ver se acerto ao dicir que nesa mesma edición de 2014 vivimos outro pase de verdadeira euforia colectiva con outra obra de Zarauza, *A viaxe dos Chévere*. Por un deses estraños azares do ben ou mal visto polo poder efémero, organizamos unha clausura improvisada do festival, algo como moi off-Cineuropa, unha cita semiclandestina no Salón Teatro ateigado, no cal semellaba que os Chévere, que viñan dun Premio Nacional, eran recibidos como os Rolling Stones, nun acto de desagravio da cidade e de agasallo de todos os amigos. E como se *A Viaxe dos Chévere* fosen as bobinas de Viridiana que Domingo Dominguín fixo pasar de matute por diante da censura nunha furgoneta de apeiros taurinos. Canto o gozamos. E como Zarauza, o seu cinema e a súa persoa, son sentidos como garantía de celebración, xa para sempre na pel deste festival.

*Ons* –xa a verán– parécese unha progresión no concepto narrativo da súa filmografía. Nela, a forza do fóra de campo, da elipse, da ópera aberta do que puido ser dunha muller que chega coa néboa ou co verán, segundo como os seus sentidos o queiran ver, supón unha apertura de espazos cara o vivido ou o imaxinado. O que vai do realismo social de *Os fenómenos* –unha película que expuña o conflito laboral do cinema político enriquecido polo protagonismo do canon feminino disruptivo, dunha forma que seguro subscribiría a gran teórica de cinema e feminismo Laura Mulvey– a esta nova obra de Zarauza, esta *Ons* que ten algo da *Ondina* de Christian Petzold, sen que a primeira vista se parezan en pouco máis que a auga que nos leva. E do fermosa que é esa maneira orgánica na cal o círculo aberto entre Alfonso e Cineuropa en 2008, cunha rusa que se chamaba Macarena e aqueles cadáveres exquisitos e vivísimos d’*A noite que deixou de chover* se pechase doce anos despois na clausura desta 34ª edición cos misterios e as sombras de *Ons*. Só para abrir con el outros círculos de inmediato. Ou un mandala, se nos poñemos.

José Luis Losa

#CINEUROPA34

Volve ao cine. Volve ao mundo real.

**Seccións  
oficiais**  
#CINEUROPA34

**SECCIÓN EUROPEA**

16 printemps

A Frenchman

Apples

Beginning

Cigare au miel

DAU. Natasha

Dear comrades /  
Queridos camaradas

Druk / Another round

El año del descubrimiento

Gagarine

Herself /  
Volver a empezar

Josep

Korisnici /Oasis

L'Angle mort

La Nuée / A nube

Malmkrog

Miss Marx

Nieva en Benidorm

Nowhere Special

Padrenostro

Persian lessons /  
O profesor de persa

The father / O pai

Undine / Ondina

**PANORAMA INTERNACIONAL**

A witness out of the blue

El diablo entre las piernas

El olvido que seremos

Gaza, mon amour

La nuit des rois

Nuevo Orden

She dies tomorrow

Spy no tsuma /  
A muller do espía

Swallow

Tengo miedo torero

The Best Is Yet To Come

The Woman Who Ran

There is no evil

**LATIDOAMERICANO**

Desterro

El prófugo

La dosis

Narciso em férias

**DOCS CINEUROPA**

A poeta analfabeta

Ángeles con espada

Crock of Gold: A Few  
Rounds with Shane  
MacGowanPalabras para  
un fin del mundo

Sondergut

**FANTASTIQUE COMPOSTELA**

Bliss

Host

Impetigore

It comes

The Trouble with  
Being Born**PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO**

A poeta analfabeta

Burdeos - Porto

Carta nº 4

Como estatuas que  
son los guardianes  
de los muertos

Helsinki 79

Monte Bravo

Nación

Onde estamos nós,  
a outra ollada  
do cinema

Ons

The death:  
el reencuentro**NOVOS REALIZADORES**

16 printemps

Apples

Beginning

Gagarine

La dosis

La Nuée / A nube

The Best Is Yet To Come

The Trouble with  
Being Born**DEREITOS HUMANOS**

Ángeles con espada

El olvido que seremos

Gaza, mon amour

There is no evil

**SECCIÓN OFICIAL**

**Proyecciones  
especiais:  
inauguración  
e clausura**

**#CINEUROPA34**

VEN 6, 19:30 | SAB 7, 17:00 | LUN 9, 20:00  
TEATRO PRINCIPAL

## DRUK / ANOTHER ROUND (2020)

### Thomas Vinterberg

Dinamarca / 116 min. / Ficción / Danés

#### Ficha artística:

Mads Mikkelsen, Thomas Bo Larsen, Magnus Millang, Lars Ranthe, Susse Wold, Maria Bonnevie, Diem Camille Gbogou, Palmi Gudmundsson

#### Ficha técnica:

Guión: Tobias Lindholm, Thomas Vinterberg  
Fotografía: Sturla Brandth Grøvlen.  
Edición: Anne Østerud, Janus Billeskov Jansen.  
Produción: Sisse Graum Jørgensen, Kasper Dissing

### Thomas Vinterberg

(Frederiksberg, Dinamarca, 1969)

Rematou os seus estudos na Escola Nacional de Cinema de Dinamarca en 1993 coa película *Last round*, que recibiu numerosos premios e chegou a estar mesmo nomeada ao Oscar. É cofundador do movemento cinematográfico Dogma 95. *A caza* (2012), *Dear Wendy* (2004), *Submarino* (2010) e *Kursk* (2018), son algúns dos seus filmes que pasaron por Cineuropa.



2020: Mellor actor no Festival de Cine de San Sebastián



Existe a teoría de que deberíamos nacer cunha pequena cantidade de alcol no noso sangue, e que unha lixeira embriaguez abre as nosas mentes ao mundo que nos rodea, diminuindo os nosos problemas e aumentando a nosa creatividade. Animados por esa teoría, Martin e tres dos seus amigos, todos profesores de secundaria, embárcanse nun experimento para manter un nivel constante de intoxicación etílica ao longo da súa xornada laboral. Se Churchill gañou a II Guerra Mundial atordado polo alcol, quen sabe o que uns poucos grols poderían facer por eles e os seus alumnos?

DOM 22, 20:00  
TEATRO PRINCIPAL

## ONS (2020)

### Alfonso Zarauza

España / 87 min. / Ficción / Galego, castelán

#### Ficha artística:

Melania Cruz, Antonio Durán 'Morris', Xúlio Abonjo, Anaël Snoek, Marta Lado, Diego Anido, Cris Iglesias, Miguel de Lira

#### Ficha técnica:

Guión: Alfonso Zarauza, Jaione Camborda Coll  
Fotografía: Alberte Branco AEC  
Edición: Fernando Alfonsín  
Produción: Maruxiña Film Company, Bando à Parte

### Alfonso Zarauza

(Santiago de Compostela, 1973)

É un dos directores galegos cunha traxectoria máis longa e prestixiosa na actualidade. Como director realizou anteriormente tres longametraxes de ficción que obtiveron premios internacionais -*La noche que dejó de llover* (2008), *Los fenómenos* (2014), *Encallados* (2013)-, un documental -*A Viaxe dos Chêvere* (2014), seis curtametraxes, dúas series de ficción e máis de vinte videoclip e pezas experimentais.



Tras unha profunda depresión pola morte da súa amante nun accidente de coche, o doutor Vicente chega xunto coa súa esposa Mariña a unha remota illa atlántica coa intención de pasar o verán, curar a súa enfermidade e recuperar o seu matrimonio. A vida na solitaria illa senta ben a Vicente, que lle pide á súa muller prolongar a súa estancia e pasar o outono. Cada día vaise sentindo mellor ata que, tras un naufraxio en medio dun temporal, unha misteriosa e amnésica muller estranxeira aparece na illa e irrompe nas súas vidas. A partir dese momento xa nada volve ser o que era.



**SECCIÓN OFICIAL**

**Sección  
Europea**

**#CINEUROPA34**

# Sección Europea

Unha selección das mellores películas europeas da produción do ano. O palmarés, case ao completo, de Berlín, Venecia, San Sebastián ou Rotterdam. E as xoias menos evidentes rastrexadas polo equipo do noso festival ao longo do ano.

VEN 13, 18:30 | TEATRO PRINCIPAL  
XOV 19, 18:30 | SALÓN TEATRO

## 16 PRINTEMPS / SPRING BLOSSOM (2020)

**Suzanne Lindon**

Francia / 73 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**

Suzanne Lindon, Arnaud Valois, Florence Viala de la Comédie Française, Frédéric Pierrot, Rebecca Marder de la *Comédie Française*


**Ficha técnica:**

Guión: Suzanne Lindon  
Fotografía: Jérémie Attard  
Edición: Pascal Chavance  
Produción: Caroline Bonmarchand

**Suzanne Lindon**

(París, Francia, 2000)

Suzanne graduouse con honores no instituto en 2018 e decidiu realizar un curso preparatorio de debuxo dun ano antes de entrar na École Nationale Supérieure des Arts Décoratifs de París. É en 2019, o verán do seu 19 aniversario, cando decide dar o salto á preparación da súa primeira longametraxe como directora e actriz principal: *16 Printemps*.



Suzanne ten 16 anos. A xente da súa idade abúrrea. Cada vez que vai ao instituto pasa diante dun teatro. Alí coñece a un home maior ca ela que se converte na súa obsesión. Aos poucos coñécese e, a pesar da súa diferenza de idade, acaban namorándose. Pero Suzanne sente que pode perder esa vida de adolescente á que tanto lle custou afacerse.

XOV 12, 17:00 | SALÓN TEATRO  
SAB 14, 12:00 | SALÓN TEATRO

## A FRENCHMAN (2019)

**Andrei Smirnov**

Rusia / 128 min. / Ficción / Ruso

**Ficha artística:**

Anton Rival, Evguenya Obraztsova, Aleksandr Baluev, Anna Neverova Mikhail Efremov, Evgeniy Tkachuk

**Ficha técnica:**

Guión: Andrei Smirnov  
Fotografía: Yury Shaygardanov  
Edición: Grigory Karapetyan  
Produción: Marmot-Film

**Andrei Smirnov**

(Moscú, 1941)

Un dos máis destacados autores que emerxeron na década dos sesenta. Actor, director, guionista e dramaturgo. Debuta coma director en 1964 con *The land of the Earth* e o seu primeiro gran éxito chega con *Belorussian Station* en 1971. Abandonou dirixir cinema a finais da década de 1970 debido o acoso das autoridades. Pero despois de 32 anos regresou con *Zila-byla odna baba* (2011).



Pierre Duran chega á universidade de Moscú en 1957. Alí coñecerá o mundo cultural da man da bailarina Kira Galkina e o fotógrafo Valera Uspensky. A pesar das novas vivencias e descubrimentos, Pierre non esquece que foi a Moscú na procura do seu pai, un oficial arrestado ao final dos anos trinta.

LUN 9, 20:15 | NUMAX  
SAB 14, 15:45 | NUMAX

## APPLES (2020)

**Christos Nikou**

Grecia / 90 min. / Ficción / Grego

**Ficha artística:**

Aris Servetalis, Sofia Georgovassili, Argyris Bakirtzis, Anna Kalaitzidou

**Ficha técnica:**

Guión: Christos Nikou, Stavros Raptis  
Fotografía: Bartosz Świniarski  
Música: The Boy  
Produción: Iraklis Mavroidis, Angelo Venetis, Aris Dagios, Mariusz Włodarski, Christos Nikou

**Christos Nikou**

(Atenas, Grecia, 1984)

A súa curtametraxe *KM* participou en máis de 40 festivais de cinema internacionais, incluído Rotterdam, e gañou o premio á mellor curtametraxe no Festival de Cinema de Motovun de Croacia. Durante os últimos dez anos, traballou como asistente de dirección en longametraxes como *Dogtooth* (Yorgos Lanthimos) e *Before midnight* (Richard Linklater). *Apples* é a súa primeira longametraxe.



No medio dunha pandemia mundial que causa amnesia repentina, Aris atópase inscrito nun programa de recuperación deseñado para axudar aos pacientes non reclamados a construír unha nova identidade. Con tarefas diarias prescritas en cintas de casete para que poida crear novas lembranzas e documentalos coa cámara, Aris regresa á vida cotiá e coñece a Anna, unha muller tamén en proceso de recuperación.

MER 11, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 15, 20:00 | NUMAX

## BEGINNING (2020)

**Dea Kulumbegashvili**

Francia, Xeorxia / 125 min. / Ficción / Xeorxiano

**Ficha artística:**

Kakha Kintsurashvili, Rati Oneli, Ia Sukhlishvili

**Ficha técnica:**

Guión: Dea Kulumbegashvili, Rati Oneli

Fotografía: Arseni Khachatryan


Edición: Matthieu Taponier

Produción: First Picture, O.F.A.  
(Office of Film Architecture)

**Dea Kulumbegashvili**

(Xeorxia, 1986)

Estuda dirección de cine na Universidade de Columbia. Dirixiu as curtas *Invisible Spaces* (2014), que competiu na Sección Oficial de curtas do Festival de Cannes, e *Léthé* (2016), co que volveu ao certame francés, esta vez dentro da Quinzaine des Réalisateurs. *Dasatskisi* é a súa primeira longametraxe e formaba parte da selección oficial do Festival de Cannes 2020, que foi cancelado pola covid-19.

 2020: Cuncha de ouro á mellor película, cuncha de prata á mellor dirección, cuncha de prata para a mellor actriz e premio do xurado ao mellor guión no Festival de San Sebastián.

W arts M



Nunha tranquila vila de provincias, unha comunidade de Testemuñas de Xehová é atacada por un grupo extremista. En pleno conflito, o mundo de Yana, a esposa do líder da comunidade, desfáise lentamente. A insatisfacción interior de Yana medra mentres loita por atopar sentido aos seus desexos.

MER 18, 17:00 | SALÓN TEATRO  
SAB 21, 12:00 | SALÓN TEATRO

## CIGARE AU MIEL (2020)

**Kamir Aïnouz**

Francia, Arxelia, Bélxica / 100 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**

Zoé Adjani, Amira Casar, Lyès Salem, Louis Peres, Idir Chender, Axel Granberger, Jud Bengana, Rym Takoucht, Samir El Hakim

**Ficha técnica:**

Guión: Kamir Aïnouz.

Fotografía: Jeanne Lapoirie.

Edición: Albertine Lastera.

Produción: Christine Rouxel, Marie-Castille Mention-Schaar.

**Kamir Aïnouz**

(París, 1976)

Estudou escritura cinematográfica na Universidade de California, Los Ángeles (UCLA), e participou en varios obradoiros de realización cinematográfica na USC-School of Cinematic Arts. Kamir desenvolve contido orixinal inspirado na súa cultura dual alxerina e francesa. *Cigare au miel* é o seu debut como directora. O seu guión orixinal foi seleccionado no Rawi Screenwriters Lab co Sundance Institute.

W arts M



París, 1993. Selma, de 17 anos, vive nunha familia bereber burguesa e laica. Cando coñece a Julien, un mozo apostado polo que sente unha forte atracción, dáse conta por primeira vez das estritas regras da súa familia patriarcal e de como afectan a súa intimidade. Mentres o islamismo se apodera do seu país de orixe e a súa familia se desmorona, Selma descobre o poder do seu propio desexo. Ela debe resistir e loitar. Grazas á forza da súa xente, comeza a camiñar pola senda do que significa converterse nunha muller libre.

XOV 19, 19:45 | TEATRO PRINCIPAL  
VEN 20, 19:30 | SALÓN TEATRO

## DAU. NATASHA (2020)

**Ilya Khrzhanovskiy, Jekaterina Oertel**

Alemaña, Ucraína, Reino Unido, Rusia / 145 min. / Ficción / Ruso, ucraíno, inglés

**Ficha artística:**

Natalia Berezhnaya, Olga Shkabarnya, Vladiiim Azhippo, Alexei BLinov, Luc Bigé

**Ficha técnica:**

Guión: Ilya Khrzhanovsky, Jekaterina Oertel

Fotografía: Jürgen Jürges

Edición: Brand Thumim

Produción: Phenomen Berlin Filmproduktion, Phenomen Uk, Phenomen Ukraine, Phenomen Films

**Ilya Khrzhanovskiy**

(Moscova, 1975)

Estudou Cine e Belas Artes na Universidade Panrusa Guerásimov de Cinematografía e debutou en 2005 con *4*, filme que pasou por numerosos festivais e que obtivo, entre outros galardóns, un Tiger en Rotterdam.

**Jekaterina Oertel**

(San Petersburgo, 1966)

Estudou na escola de cine e de teatro de Moscova e conta cunha destacada carreira internacional no eido da caracterización cinematográfica. Desde 2015 leva unha das ramas do proxecto, o taller SFX, onde crea figuras de silicona en tamaño natural dos participantes de DAU.

W arts M



Natasha e Olga traballan na cantina dun instituto segredo de investigación soviético. Este é o corazón latexante do universo DAU, todos entran aquí: empregados do instituto, científicos e convidados estranxeiros, como Luc Bigé. Natasha comeza unha aventura con el. Pero intervén o servizo segredo, encabezado por Vladimir Azhippo. Para Natasha (e para nós) esta é unha experiencia "pouco amable". *DAU Natasha* é unha forma radical de cinema que se move entre a ficción e a realidade.

MAR 17, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL  
MER 18, 20:00 | SALÓN TEATRO

## DEAR COMRADES / QUERIDOS CAMARADAS (2020)

**Andrei Konchalovski**

Rusia / 120 min. / Ficción / Ruso

**Ficha artística:**

Haley Bishop, Radina Drandova, Edward Linard, Jemma Moore, Caroline Ward, Emma Louise Webb

**Ficha técnica:**

Guión: Elena Kiseleva, Andrey Konchalovski

Fotografía: Andrey Naydenov

Edición: Karolina Maciejewska, Sergey Taraskin

Produción: Olesya Gidrat, Alisher Usmanov

**Andrei Konchalovski**

(Moscova, Rusia, 1937)

Nos seus comezos coescribiu con Andrei Tarkovski os guiños de *A infancia de Iván* e *Andrei Rubliov*, debutando na dirección en 1966 con *Meu primeiro mestre*. O recoñecemento chegaría nos anos setenta con obras como *O tío Vania* (1971), cuncha de prata en San Sebastián, ou *Romance de namorados* (1974). Con *Dom durakov* (2003) e *Paraiso* (2016) obtivo senllos leóns de prata en Venecia.



2020: Premio especial do xurado no Festival de Venecia



Novocherkask, Unión Soviética, 1962. Lyudmila é membro do partido comunista local. Ela defende os ideais do réxime comunista e despreza todo tipo de disidencia. Durante unha folga laboral nunha fábrica de motores, ve como o exército mandado polo Goberno dispara aos protestantes e comete un masacre. Ese suceso cambiará a súa visión do mundo para sempre.

VEN 6, 19:30 | TEATRO PRINCIPAL  
SAB 7, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
LUN 9, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL

## DRUK / ANOTHER ROUND (2020)

**Thomas Vinterberg**

Dinamarca / 116 min. / Ficción / Danés

### Ficha artística:

Mads Mikkelsen, Thomas Bo Larsen, Magnus Millang, Lars Ranthe, Susse Wold, Maria Bonnevie, Diem Camille Gbogou, Palmi Gudmundsson

### Ficha técnica:

Guión: Tobias Lindholm, Thomas Vinterberg  
Fotografía: Sturla Brandth Grøvlen.  
Edición: Anne Østerud, Janus Billeskov Jansen.  
Producción: Sisse Graum Jørgensen, Kasper Dissing

### Thomas Vinterberg

(Frederiksberg, Dinamarca, 1969)

Rematou os seus estudos na Escola Nacional de Cinema de Dinamarca en 1993 coa película *Last round*, que recibiu numerosos premios e chegou a estar mesmo nomeada ao Oscar. É cofundador do movemento cinematográfico Dogma 95. *A caza* (2012), *Dear Wendy* (2004), *Submarino* (2010) e *Kursk* (2018), son algúns dos seus filmes que pasaron por Cineuropa.



2020: Mellor actor no Festival de Cine de San Sebastián



Existe a teoría de que deberíamos nacer cunha pequena cantidade de alcol no noso sangue, e que unha lixeira embriaguez abre as nosas mentes ao mundo que nos rodea, diminuíndo os nosos problemas e aumentando a nosa creatividade. Animados por esa teoría, Martin e tres dos seus amigos, todos profesores de secundaria, embárcanse nun experimento para manter un nivel constante de intoxicación etílica ao longo da súa xornada laboral.

LUN 16, 16:30 | NUMAX

## EL AÑO DEL DESCUBRIMIENTO (2020)

**Luis López Carrasco**

España / 200 min. / Documental / Castelán

### Ficha técnica:

Guión: Luis López Carrasco, Raúl Liarte  
Fotografía: Sara Gallego  
Edición: Sergio Jiménez Barranquero  
Producción: Luis Ferrón, Luis López Carrasco, Pedro Palacios, Daniel M. Caneiro, Ricard Sales, David Epiney, Eugenia Mumenthaler, Pablo Pérez

### Luis López Carrasco

(Murcia, 1981)

Cineasta, produtor e escritor. É cofundador do colectivo audiovisual Los Hijos, dedicado ao cinema documental experimental. O seu traballo como director foi proxeccionado en numerosos festivais internacionais e centros de arte contemporánea. *O futuro*, a súa primeira longametraxe en solitario, foi estreada no Festival de Cinema de Locarno 2013 e seleccionada en máis de cincuenta festivais.



Varias persoas conversan no interior dun bar entre cigarros, almozos e aperitivos. Lembran soños insólitos, comparten preocupacións laborais e proxectan plans de futuro. A medida que avanza a xornada escóitanse, cada vez máis preto, os disturbios da crise industrial de 1992. Ese ano celebráronse en España os Xogos Olímpicos de Barcelona e a Expo de Sevilla. O Estado presentábase fronte a comunidade internacional como un país desenvolvido, moderno e dinámico. Mentres, en Cartaxena as protestas pola crise adquiren unha violencia crecente ata acabar cunha revolta multitudinaria que desemboca na queima do parlamento rexional.

DOM 15, 20:30 | TEATRO PRINCIPAL  
LUN 16, 20:00 | SALÓN TEATRO

## GAGARINE (2020)

**Fanny Liatard, Jérémy Trouilh**

Francia / 97 min. / Ficción / Francés

### Ficha artística:

Alseni Bathily, Lyna Khoudri, Jamil McCraven, Finnegan Oldfield, Farida Rahouadj, Denis Lavant

### Ficha técnica:

Guión: Fanny Liatard, Jérémy Trouilh, Benjamin Charbit  
Fotografía: Victor Seguin  
Edición: Daniel Darmon  
Producción: Julie Billy, Carole Scotta

### Fanny Liatard e Jérémy Trouilh

Estudaron xuntos na Escola de Ciencias Políticas de Bordeus. En 2014 gañaron un concurso de guión que lles permitiu realizar a súa primeira curtametraxe, *Gagarine*, que se proxeitou en numerosos festivais. Logo viñeron *A République des Enchanteurs* e *Chien bleu*. *Gagarine*, a súa primeira longametraxe, evolucionou a partir do traballo realizado na primeira curta cos habitantes da Cité Gagarine.



Yuri de 16 anos viviu sempre nas Torres Gagarine nos arredores de París e soña con ser astronauta. Cando se decata dos plans para demoler todo o bloque de apartamentos, Yuri embárcase xunto os seus amigos Diana e Houssan nunha misión para salvar o edificio, transformándoo nunha "nave espacial" antes de que desapareza no espazo para sempre. A película foi rodada en colaboración con todos os residentes reais das torres, no cumio da actual demolición do proxecto de vivendas Cité Gagarine, en Ivry-sur-Seine.

SAB 7, 20:30 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 8, 20:00 | SALÓN TEATRO

## HERSELF / VOLVER A EMPEZAR (2020)

**Phyllida Lloyd**

Irlanda, Reino Unido / 97 min. / Ficción / Inglés

### Ficha artística:

Clare Dunne, Harriet Walter, Conleth Hill, Cathy Belton, Ericka Roe, Rebecca O'Mara, Liz Fitzgibbon, Molly McCann, Sean Duggan

### Ficha técnica:

Guión: Malcolm Campbell, Clare Dunne  
Fotografía: Tom Comerford  
Edición: Rebecca Lloyd  
Producción: Rory Gilmartin, Ed Guiney, Sharon Horgan

### Phyllida Lloyd

(Bristol, Reino Unido, 1957)

O seu debut na gran pantalla produciuse en 2008 coa comedia musical *Mamma Mia! A película*, que foi nomeada a dous Globos de Ouro e tres premios BAFTA. En 2011 volveu contar con Meryl Streep para encarnar a Margaret Thatcher na súa segunda longametraxe, *A dama de ferro*. *Volver a empezar* tivo a súa estrea internacional no Festival de Sundance.



A primeira vista, Sandra é unha nai que se esforza en conseguir un fogar cálido, seguro e feliz onde crezan as súas dúas pequenas fillas. Decidida a que as súas vidas melloren, e cando entende que as institucións non a van axudar, decide que comezará de cero. Con poucos cartos e sen aforros, Sandra deberá utilizar todo o seu enxeño para converter en realidade o seu ambicioso plan. Ao mesmo tempo, debe escapar do control do seu posesivo exmarido e afastalo das súas fillas e dela mesma. Pero nada pode amedrentar a Sandra, que reúne a unha serie de amigos dispostos a apoiala e axudala.

SAB 7, 17:15 | SALÓN TEATRO  
DOM 8, 20:30 | TEATRO PRINCIPAL

## JOSEP (2020)

**Aurel**

Francia, España, Bélxica / 80 min. / Animación / Francés, castelán, catalán

**Ficha artística:**

Sergi López, Emmanuel Vottero, Valerie Lemercier, David Marsais, Xavier Serrano

**Ficha técnica:**

Guión: Jean-Louis Milesi

Música: Silvia Pérez Cruz


Edición: Thomas Belair

Produción: Serge Lalou, Jordi B. Oliva.

**Aurel**

(Ardèche, Francia, 1980)

Aurel é ilustrador. Traballa para Le Monde e Le Canard Enchaîné. Publicou unha vintena de libros, incluídos dous cómics documentais, *Clandestino* e *La Menuiserie*, e elaborou numerosos traballos gráficos para diversos medios de prensa franceses. En 2011, codirixiu con Florence Corre *Octobre Noir*, a súa primeira curtametraxe. *Josep* é a súa primeira longametraxe.



Febreiro, 1939. Abafado pola vaga de republicanos que foxen da ditadura de Franco, o goberno francés opta por confinar aos españois en campos de concentración. Nun daqueles campos, dous homes, separados por un arame de espíños, traban unha amizade. Un deles é Josep Bartoli, un debuxante que loita contra o réxime de Franco.

DOM 8, 12:00 | SALÓN TEATRO  
VEN 13, 16:15 | SALÓN TEATRO

## KORISNICI / OASIS (2020)

**Ivan Ikić**

Serbia, Eslovenia, Países Baixos / 122 min. / Ficción / Serbio

**Ficha artística:**

Marijana Novakov, Tijana Markovic, Valentino Zenuni, Milica Djindjic, Sasa Strugar, Marusa Majer, Goran Bogdan

**Ficha técnica:**

Guión: Ivan Ikić

Fotografía: Milos Jacimovic


Edición: Dragan Von Petrovic

Produción: Milan e Marija Stojanovic

**Ivan Ikić**

(Belgrado, Serbia, 1982)

Estudou dirección de cinema e televisión na Facultade de Arte Dramática da Universidade de Artes de Belgrado. A súa ópera prima, *Barbarians* (2014), gañou o Premio Especial do Xurado en Karlovy Vary e moitos outros premios en máis de 35 festivais internacionais. En 2016, foi un dos seis directores seleccionados para a Cinefondation Residence de Cannes, onde desenvolveu *Oasis*.



Á súa chegada a unha institución para persoas con diversidade funcional, María convértese rapidamente en amiga da igualmente apaixonada Dragana. Cando queda claro que ambas as dúas están namoradas do máis retraído Robert, a súa relación altérase e gradualmente e convértese nun perigoso xogo para conquistalo. Impulsadas polos seus novos sentimentos de desexo e celos, as súas accións impulsivas derruban o delicado equilibrio preservado polas asfixiantes regras da institución e desembocan en confrontacións e medidas desesperadas para atopar unha saída.

LUN 9, 16:30 | TEATRO PRINCIPAL  
SAB 14, 17:40 | NUMAX

## L'ANGLE MORT (2019)

**Patrick Mario Bernard, Pierre Trividic**

Francia / 104 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**

Jean-Christophe Folly, Isabelle Carré, Golshifteh Farahani, Sami Ameziane, Claudia Tagbo

**Ficha técnica:**

Guión: Patrick Mario Bernard, Pierre Trividic

Fotografía: Jonathan Ricquebourg

Edición: Annette Dutertre

Produción: Patrick Sobelman / Ex Nihilo

**Patrick Mario Bernard**

(Thionville, Francia, 1961)

Artista visual e compositor formado na Escola de Belas Artes de París. O seu traballo con Trividic comezou en 1996 con *Le cas Lovecraft* para a canle France 3. Desde entón non deixaron de traballar xuntos.

**Pierre Trividic**

(Quimper, Francia, 1957)

Logo de estudar dereito e historia da arte, Trividic completou os seus estudos no Institut Des Hautes Études Cinématographiques. Xunto a Bernard escribiu e dirixiu, entre outras, as longametraxes *Ceci est une pipe* (2001) e *L'autre* (2008).



Dominick ten o don de se volver invisible, pero iso non fai a súa vida mellor. De feito, oculta o poder mesmo aos seus seres queridos, como se dunha enfermidade se tratara. Cada vez resúltalle máis complicado manter o control da súa habilidade e iso pon en xaque as súas relacións e a súa estabilidade.

MER 18, 20:00 | NUMAX  
XOV 19, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL

## LA NUÉE / A NUBE (2020)

**Just Philippot**

Francia / 101 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**

Suliane Brahim, Sofian Khammes

**Ficha técnica:**

Guión: Jérôme Genevray, Franck Victor

Fotografía: Romain Carcanade

Edición: Pierre Deschamps

Produción: Thierry Lounas e Manuel Chiche

**Just Philippot**

(París, Francia, 1982)

Termina un máster de cinema na Facultade de París VIII en 2007. Guionista e director, é autor de catro curtametraxes, entre elas *Ses souffles* e *Acide*, preseleccionadas para os Cesar. *A nube* é a súa primeira longametraxe.



Para salvar a súa granxa da quebra, unha nai solteira lánzase a unha arriscada cría de saltóns comestibles. Sen decatarse, desenvolve un estraño vínculo obsesivo con eles que a levará a enfrontarse aos campesiños da rexión e aos seus propios fillos, que xa non a recoñecen.

MAR 17, 16:30 | NUMAX  
VEN 20, 16:00 | TEATRO PRINCIPAL

## MALMKROG (2020)

**Cristi Puiu**

Romanía / 200 min. / Ficción / Francés, ruso, alemán, húngaro

**Ficha artística:**

Agathe Bosch, Ugo Broussot, marina Paliu, Diana Sakalauskaite. Frédéric Schulz-Richard, István Teglás

**Ficha técnica:**

Guión: Cristi Puiu

Fotografía: Tudor Vladimír Panduru


Edición: Dragos Apetri, Andrei Iancu, Bogdan Zarnoiu

Producción: Mandragora, Sense Production, Cinnamon Films, Bord Cadre Films, Doppelganger, Film i Väst, Produkcija 2006 Sarajevo, Sisters and Brothers Mitevski

**Cristiu Pui**

(Bucarest, 1967)

Director, guionista e pintor. Debuta como director no 2001 con *Stuff and Dough*. En 2004, xunto con Anca Puiu e Alex Munteanu, funda a produtora Mandragora. Coa súa segunda longametraxe, *A morte do señor Lazarescu* (2005) obtén numerosos premios internacionais, entre eles o premio de Un Certain Regard do Festival de Cannes.



Entre os convidados polo Nadal á mansión do terratenente Nikolai están un político, unha nova condesa e un xeneral coa súa esposa. Conversan, cean e discuten sobre política, progreso, morte... Pouco a pouco a conversa vólvese máis acalorada, as diferenzas culturais fanse cada vez máis evidentes e o ambiente ténsase. Ao final, todos se converterán en vítimas do seu propio discurso. *Malmkrog*, baséase nun texto do filósofo ruso Vladimir Solovoyv, é unha viaxe global a través da historia e un *tour de force* do pensamento.

MAR 10, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL  
SAB 14, 19:45 | SALÓN TEATRO

## MISS MARX (2020)

**Susanna Nicchiarelli**

Italia, Bélxica / 108 min. / Ficción / Inglés

**Ficha artística:**

Romola Garai, Patrick Kennedy, John Gordon Sinclair, Felicity Montagu, Karina Fernandez, Philip Gröning

**Ficha técnica:**

Guión: Susanna Nicchiarelli

Fotografía: Crystel Fournier

Edición: Crystel Fournier

Producción: Vivo Film, Rai Cinema, Tarantula Belgique

**Susanna Nicchiarelli**

(Roma, 1975)

Estudou dirección de cinema no Centro Sperimentale dei Cinematografia. Despois de rodar varias curtas e documentais, en 2009 dirixiu a súa ópera prima, *Cosmonauta*, que gañou o premio Controcampo Italiano no Festival de Venecia e foi nomeado ao David dei Donatello á mellor ópera prima. Seguíronlle *A scoperta dell'alba* (2012) e *Nico, 1988* (2017). *Miss Marx* competiu no Festival de Venecia.



Brillante, intelixente, apaixonada e libre, Eleanor «Tussy» é a filla pequena de Karl Marx. É unha das primeiras mulleres en vincular os temas do feminismo e o socialismo e participa nas batallas dos traballadores, nas loitas polos dereitos das mulleres e a abolición da man de obra infantil. En 1883 coñece a Edward Aveling e a súa vida vese convulsionada pola súa apaixonada pero tráxica historia de amor.

DOM 8, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
MAR 10, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL

## NIEVA EN BENIDORM (2020)

**Isabel Coixet**

España / 117 min. / Ficción / Castelán, inglés

**Ficha artística:**

Timothy Spall, Sarita Choudhury, Ana Torrent, Carmen Machi, Pedro Casablanc

**Ficha técnica:**

Guión: Isabel Coixet

Fotografía: Jean Claude Larrieu

Edición: Jordi Azategui

Producción: Agustín Almodóvar, Esther García

**Isabel Coixet**

(Barcelona, 1960)

Directora de cinema, guionista, tradutora e escritora, comezou a facer películas cando lle regaláron unha cámara de 8 mm. Tras licenciarse en historia pola Universidade de Barcelona, dedicouse á publicidade. *Things I never told you* (1996), *A los que aman* (1998), *Mi vida sin mí* (2003), *La vida secreta de las palabras* (2005), *The bookshop* (2017), e *Elisa y Marcela* (2019), son só algúns dos seus títulos.



Peter Riordan é un home solitario, maniático e meticuloso, obsesionado polos fenómenos meteorolóxicos. Cando lle dan a xubilación anticipada no banco de Manchester no que traballou toda a súa vida decide visitar ao seu irmán, Daniel, que vive en Benidorm. Á súa chegada á cidade descobre que o seu irmán desapareceu e que era propietario dun club de *burlesque* onde traballa Alex, unha misteriosa muller que exerce unha poderosa fascinación sobre el. Peter e Alex intentan investigar que foi de Daniel, axudados por unha policía obsesionada pola presenza de Sylvia Plath nos anos cincuenta en Benidorm.

SAB 14, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 22, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL

## NOWHERE SPECIAL (2020)

**Uberto Pasolini**

Italia / 95 min. / Ficción / Italiano

**Ficha artística:**

James Norton, Daniel Lamont, Eileen O'Higgins, Bernardette Brown, Chris Corrigan, Valene Kane, Louise Mathews, Keith McErlean, Eddie Mohan, Nigel O'Neill, Rhoda Ofori-Attah, Remi Shore

**Ficha técnica:**

Guión: Uberto Pasolini

Fotografía: Marius Panduru

Edición: Masahiro Hlrakubo, Saska Simpson

Producción: Piimedia, Digital Cube, RAI, Eurimages, Romanian National Center for Cinematography, Northern Ireland Screen

**Uberto Pasolini**

(Roma, 1957)

Director, guionista e produtor italiano. En 1993 funda Redwave Films e convértese en produtor independente, coñecido por producir a famosa *The Full Monty*. Debuta como director con *Macha*, ca que obtén os premios FEDIC e Label Europa Cinemas no Festival de Venecia de 2008.



John, un limpador de xanelas de 35 anos, dedica a súa vida a criar ao seu fillo Michael, un neno de catro anos a quen a súa nai abandonou xusto despois de nacer. Ambos levan unha vida simple, elaborada a través de rituais diarios, nunha relación de amor sen fisuras. Por desgraza, a John só lle quedan uns cuantos meses de vida. Dado que non ten familia, decide investir os días que quedan en procurar unha nova familia que adopte a Michael.

LUN 16, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
XOV 19, 20:00 | NUMAX

## PADRENOSTRO (2020)

**Claudio Noce**

Italia / 122 min. / Ficción / Italiano

**Ficha artística:**

Pierfrancesco Favino, Mattia Garaci, Barbara Ronchi, Francesco Ghoghi, Francesco Colella, Antonio Gerardi

**Ficha técnica:**

Guión: Enrico Audenino, Claudio Noce  
Fotografía: Michele D'Attanasio  
Edición: Giogio Franchini  
Produción: Paki Meduri

**Claudio Noce**

(Roma, Italia, 1975)

A principios da década de 2000 realiza as súas primeiras curtas documentais e videoclips. En 2009 pasou a dirixir a súa ópera prima, *Good morning, Aman*, presentada en competición na Semana da Crítica do 66º Festival de Venecia. En 2014 chamou a atención da crítica internacional co thriller *A foresta dei ghiaccio*, protagonizado por Emir Kusturica. *Padrenostro* é a súa terceira longametraxe.



2020: Copa Volpi ao mellor actor (Pierfrancesco Favino) no Festival de Venecia



Roma, 1976. Valerio ten dez anos e unha imaxinación viva. A súa vida de neno dá un envorco cando, coa súa nai Gina, é testemuña dun ataque terrorista perpetrado contra o seu pai. A partir dese momento, o medo e a sensación de vulnerabilidade deixan unha marca dramática nos sentimentos de toda a familia. Neses días difíciles, Valerio coñece a Christian, un mozo non moito maior que el, solitario, rebelde e descarado, que parece chegar da nada. Ese encontro, nun verán cheo de descubrimentos, cambiará as súas vidas para sempre.

SAB 21, 20:15 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 22, 17:00 | SALÓN TEATRO

## PERSIAN LESSONS / O PROFESOR DE PERSA (2020)

**Vadim Perelman**

Rusia, Alemaña / 127 min. / Ficción / Alemán, francés, persa, inglés

**Ficha artística:**

Nahuel Pérez Biscayart, Lars Eidinger, Leonie Benesch, Jonas Nay, David Schütter

**Ficha técnica:**

Guión: Ilja Zofin  
Fotografía: Vladislav Opelyants  
Edición: Vessela Martschewski  
Produción: Rauf Atamalibekov, Timur Bekmambetov, Pavel Burya, Murad Osmanov

**Vadim Perelman**

(Kiev, Ucraína, 1963)

Director de cinema canadense-estadounidense nado en Ucraína. Perelman fixo o seu debut como director en 2003 con *Casa de area e néboa*, película protagonizada por Ben Kingsley e Jennifer Connelly que obtivo 3 nomeamentos aos Premios Oscar. Logo filmou *A vida ante os seus ollos* (2007) e *Kupi menya* (2018).



Francia, 1942. Gilles é arrestado por soldados das SS xunto con outros xudeus e enviado a un campo de concentración en Alemaña. Alí logra evitar a execución ao xurar aos gardas que non é xudeu, senón persa. Grazas a esta artimaña, Gilles consegue salvar a súa vida, mais terá que ensinar un idioma que non coñece ao oficial do campo. Ao tempo que unha gran amizade crece entre eles, as sospeitas dos soldados non tardarán en aparecer.

DOM 15, 18:00 | TEATRO PRINCIPAL  
SAB 21, 18:30 | SALÓN TEATRO

## THE FATHER / O PAI (2020)

**Florian Zeller**

Reino Unido / 97 min. / Ficción / Inglés

**Ficha artística:**

Anthony Hopkins, Olivia Colman, Rufus Sewell, Imogen Potts, Olivia Williams

**Ficha técnica:**

Guión: Christopher Hampton, Florian Zeller  
Fotografía: Ben Smithard  
Edición: Yogos Lampinos  
Produción: Trademark Films

**Florian Zeller**

(París, 1979)

Novelista e dramaturgo francés cuxa obra foi traducida a varios idiomas. Gañou o Premio Interallié en 2004 pola súa novela *La fascination* do piro e o Premio Molière por *La mère* no 2011. *The Father* é o seu primeiro traballo como director.



Anthony, un home de case 80 anos, vive só no seu apartamento de Londres e rexeita cada unha das enfermeiras que a súa filla Anne trata de impoñerlle. Con todo, esa necesidade é cada vez máis perentoria para ela, xa que decidiu trasladarse a París para vivir cun home ao que acaba de coñecer. Pronto se fai evidente que a percepción da realidade é cada vez máis confusa para Anthony.

LUN 16, 20:15 | TEATRO PRINCIPAL  
XOV 19, 20:45 | SALÓN TEATRO

## UNDINE / ONDINA (2020)

**Christian Petzold**

Alemaña, Francia / 90 min. / Ficción / Alemán

**Ficha artística:**

Paula Beer, Franz Rogowski, Maryam Zaree, Jacob Matschenz, Anne Ratte-Polle, Rafael Stachowiak, Julia Franz Richter

**Ficha técnica:**

Guión: Christian Petzold.  
Fotografía: Hans Fromm.  
Edición: Bettina Böhler.  
Produción: Florian Koerner von Gustorf, Michael Weber.

**Christian Petzold**

(Hilden, Alemaña, 1960)

É un dos compoñentes máis representativos do movemento chamado Escola de Berlín, xunto a cineastas como Angela Schanelec e Ulrich Köhl. Estudou cinema na Academia Alemá de Cinema e Televisión. Revela internacionalmente o seu talento con *Die innere Sicherheit* (2000). Desde entón dirixe títulos como *Yella* (2006), *Jerichow* (2008), *Barbara* (2012), *Phoenix* (2014) e *Transit* (2018), premiadas en multitude de festivais.



2020: Mellor actriz e Premio FIPRESCI da crítica na Berlinale



Ondina é unha historiadora que traballa como guía de museo en Berlín. Ela sabe todo o que hai que saber sobre o Foro Humboldt e a cidade que se construíu sobre un pantano. De súpeto, o mundo de Ondina derríbese cando é deixada pola súa parella. A maxia desaparece.

**SECCIÓN OFICIAL**

**Panorama  
internacional**

**#CINEUROPA34**



# Panorama internacional

Máis que nunca, a diversidade. O cinema que irrompe desde cinematografías como Indonesia, Costa do Marfil, Corea do Sur, Marrocos, Irán, China ou Taiwán. E tamén a cepa do verdadeiro cinema independente norteamericano.

LUN 16, 17:15 | SALÓN TEATRO  
MAR 17, 20:20 | NUMAX

## A WITNESS OUT OF THE BLUE (2019)

**Fung Chi-Keung**

Hong Kong / 104 min. / Ficción / Cantonés

**Ficha artística:**

Louis Koo, Louis Cheung, Jessica Hsuan, Cherry Ngan, Philip Keung, Fiona Sit, Patrick Tam, Andy On

**Ficha técnica:**

Guión: Fung Chi-Keung

Fotografía: Kenny Tse

Edición: Law Wing Cheong, Kelvin Chau

Produción: Alex Dong, Tung-Shing Yee

**Fung Chi-Keung**

(Taiwán)

Director de cinema e guionista de Hong Kong. Graduouse na Academia de Cinema da Universidade Baptista de Hong Kong e comezou a exercer como asistente de dirección antes de traballar como guionista para varios dramas televisivos. O guiñón cinematográfico de Fung para *A serea* foi nomeado para o premio The Hong Kong Film Award ao mellor guiñón en 2017. Dirixiu a súa primeira película, *The bounty*, en 2012.



Tres meses despois de liderar o roubo con forza a unha xoiería, un dos compañeiros de Sean Wong aparece morto. Larry Lam é un dos detectives encargados de resolver o misterio, pero a súa única testemuña é un papagaio. As cousas iranse complicando cando outros involucrados no roubo da xoiería comezan a aparecer mortos. Non só Larry está a investigar o caso. Ao ser o principal sospeitoso, Sean Wong tamén busca ao asasino cos obxectivos de limpar o seu nome e atopar o botín roubado.

LUN 9, 19:30 | SALÓN TEATRO  
MER 11, 16:30 | TEATRO PRINCIPAL

## EL DIABLO ENTRE LAS PIERNAS (2019)

**Arturo Ripstein**

México / 120 min. / Ficción / Español

**Ficha artística:**

Silvia Pasquel, Alejandro Suárez, Greta Cervantes, Daniel Giménez Cacho, Erando González, Patricia Reyes Spíndola, Mar Carrera, Roberto Fiesco

**Ficha técnica:**

Guión: Paz Alicia Garciadiego

Fotografía: Alejandro Cantú

Edición: Mariana Rodríguez

Produción: Miguel Necochea, Mónica Lozano

**Arturo Ripstein**

(Cidade de México, México, 1943)

Aos quince anos descobre a Luis Buñuel, con quen desenvolve unha estreita relación mestre-alumno. Debuta como director con *Tiempo de morir* en 1965. Gaña o Premio Nacional de Belas Artes en 1997. En 2000 gana a Cuncha de Ouro do Festival de San Sebastián por *La perdición de los hombres*. En 2002 a súa cinta *La virgen de la lujuria* participa na Mostra de Cinema de Venecia. En 2015 recibe o Premio Cineuropa.



2020: Mellor dirección no Festival de Málaga



O Vello mata o seu aburrimiento deambulando pola casa axexando a Beatriz, a súa muller. Os conflitos desgastan e o equilibrio rompe, pero ela xa non sabería vivir doutra maneira. Á vez, séntese desexada e, sobre todo, desexable. Quere comprobalo. Por iso, unha noite sae de casa sen rumbo algún cun só propósito: sexo. O seu regreso á casa desata a hecatombe. Dinorah, a criada, non pode permitir tal ousadía e toma partido.

SAB 21, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 22, 20:00 | SALÓN TEATRO

## EL OLVIDO QUE SEREMOS (2020)

**Fernando Trueba**

Colombia / 136 min. / Ficción / Castelán

**Ficha artística:**

Javier Cámara, Daniela Abad, Aída Morales, Patricia Tamayo, Juan Pablo Urrego

**Ficha técnica:**

Guión: David Trueba (Novela: Héctor Abad Faciolince)

Fotografía: Sergio Iván Castaño

Edición: Marta Velasco

Produción: Caracol Televisión, Dago García Producciones

**Fernando Trueba**

(Madrid, 1955)

Escritor, director, guionista e produtor de cinema, deuse a cofecer con *Ópera prima* (1980), un filme de baixo orzamento que se converteu nun expoñente da denominada comedia madrileña. En 1993 a súa película *Belle Époque* recibiu o Premio Óscar á mellor película de fala non inglesa. *Calle 54* (2000), *Chico y Rita* (codirixida con Javier Mariscal e Tono Errando en 2010) e *El artista y la modelo* (2012), son outros dos seus títulos.



O médico Héctor Abad Gómez foi un carismático activista polos dereitos humanos no Medellín polarizado e violento dos anos 70. *El olvido que seremos* relata a súa vida, pai de familia preocupado tanto polos seus fillos como polas nenas e nenos de clases menos favorecidas. O seu fogar estaba impregnado de vitalidade e creatividade, froito dunha educación baseada na tolerancia e o amor. Héctor dedicouse ás causas sociais e políticas da época, pero a sociedade intolante de Medellín acosaríao ata silencio.

MER 18, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
XOV 19, 16:00 | SALÓN TEATRO

## GAZA MON AMOUR (2020)

**Tarzan Nasser, Arab Nasser**

Palestina, Francia / 87 min. / Ficción / Árabe

### Ficha artística:

Salim Daw, Hiam Abbass, Maisa Abd Elhadi, George Iskandar, Hitham Al Omai, Manal Awad

### Ficha técnica:

Guión: Tarzan Nasser, Arab Nasser  
Fotografía: Christophe Graillot  
Edición: Chrystel Alépée, Véronique Lange  
Producción: Marie Legrand, Rani Massalha

**Tarzan Nasser, Arab Nasser**

(Gaza, Palestina, 1988)

Estes irmáns xemelgos naceron un ano despois do peche dos últimos cinemas de Gaza. Despois de graduarse en belas artes na Universidade Al-Aqsa, desenvolveron a súa paixón polo cinema. En maio de 2013, a súa curtametraxe *Condom lead* estreouse en competición oficial no Festival de Cannes como a primeira película palestina nesta sección. En 2015 estrearon *Dégradé*, a súa ópera prima. *Gaza mon amour* é a súa segunda longa.



Gaza, hoxe. Issa, un pescador de sesenta anos, está segredamente namorado de Siham, unha muller que traballa no mercado coa súa filla Leila. Cando descobre unha antiga estatua fállica de Apolo nas súas redes de pesca, Issa escóndea, sen saber que facer con este misterioso e potente tesouro. Con todo, no fondo, sente que este descubrimento cambiará a súa vida para sempre. Curiosamente, a súa confianza comeza a crecer e finalmente decide achegarse a Siham.

DOM 15, 18:00 | NUMAX  
MAR 17, 17:30 | SALÓN TEATRO

## LA NUIT DES ROIS (2020)

**Philippe Lacôte**

Francia, Costa de Marfil, Canadá, Senegal / 90 min. / Ficción / Francés

### Ficha artística:

Issaka Sawadogo, Steve Tientcheu, Rasmane Ouedraogo, Bakary Koné, Abdoul Karim Konaté, Laetitia Ky

### Ficha técnica:

Guión: Philippe Lacôte  
Fotografía: Tobie Marier-Robitaille  
Edición: Aube Foglia  
Producción: Delphine Jaquet, Ernest Konan, Yanick Létourneau

**Philippe Lacôte**

(Abidjan, Costa do Marfil)

En 1989 iniciouse como reporteiro de radio cunha serie de retratos sonoros sobre a caída do Muro de Berlín. Posteriormente realizou as súas primeiras curtas, que se proxectaron en varios festivais internacionais. Xunto a estas ficcións desenvolveu un labor documental cunha serie de filmes escritos en primeira persoa. A súa ópera prima, *Run*, estreada na sección Un Certain Regard de Cannes 2014, atópase no eixe destes dous enfoques.



Un home é enviado a "A Maca", unha cárcere no centro dun bosque de Costa do Marfil gobernada polos seus propios presos. Seguindo a tradición, coa primeira lúa vermella é designado polo xefe como o novo "romano", o que implica que debe contar unha historia para o resto de prisioneiros. Logo de descubrir o que o destino lle agarda, comeza a narrar a vida do lendario rebelde Zama King, sen outra opción que a de alonxar o seu relato ata o amencer.

MER 11, 20:30 | SALÓN TEATRO  
XOV 12, 20:30 | TEATRO PRINCIPAL

## NUEVO ORDEN (2020)

**Michel Franco**

México, Francia / 2020 / 86 min. / Ficción / Español

### Ficha artística:

Diego Boneta, Naian González Norvid, Mónica del Carmen, Fernando Cuautle, Darío Yazbek Bernal, Eligio Meléndez, Javier Sepúlveda

### Ficha técnica:

Guión: Michel Franco  
Fotografía: Yves Cape  
Edición: Óscar Figueroa Jara, Michel Franco  
Producción: Teorema, Les Films d'Ici


**Michel Franco**

(Cidade de México, 1979)

En 2009 dirixiu a súa primeira longametraxe, *Daniel y Ana*, presentado na Quinzaine deas Réalisateurs do Festival de Cannes e en Horizontes Latinos en San Sebastián. Regresou a Cannes con *Después de Lucía* (2012), que recibiu o Premio Un Certain Regard. Seguiríonlle en 2015 *A los ojos e Chronic*, que gañou o premio ao mellor guión en Cannes. Con *Las hijas de Abril* volveu á sección Un Certain Regard, onde obtivo o Premio do Xurado.



2020: Gran premio do xurado no Festival Internacional de Cine de Venecia



Unha luxosa voda da alta sociedade tórcese cando unha inesperada revolta social dá paso a un violento golpe de estado, visto a través dos ollos da nova e solidaria noiva e dos serventes que traballan para a súa adifeirada familia.

MAR 10, 20:30 | NUMAX  
LUN 16, 20:30 | NUMAX

## SHE DIES TOMORROW (2020)

**Amy Seimetz**

Estados Unidos / 84 min. / Ficción / Inglés

### Ficha artística:

Kate Lyn Sheil, Jane Adams, Kentucker Audley, Katie Aselton, Chris Messina, Tunde Adebimpe, Jennifer Kim, Adam Wingard

### Ficha técnica:

Guión: Amy Seimetz  
Fotografía: Jay Keitel  
Edición: Alex Hartley  
Producción: Justin Benson, David Lawson Jr., Aaron Moorhead

**Amy Seimetz**

(Florida, Estados Unidos, 1981)

É un dos rostros máis coñecidos do cinema independente estadounidense, aparecendo en títulos como *Tiny furniture* (2010), *Ti es o seguinte* (2011) ou *The sacrament* (2013). Debutou como directora con *Sun don't shine* (2012) e é cocreadora da serie *The girlfriend experience*.

WOM



Amy ten un mal presentimento: está absolutamente convencida de que vai morrer mañá. Cando llo conta á súa amiga Jane, esta trata de quitarlle a idea da cabeza, pero pouco despois ela comeza a ter esa mesma sensación, como confesa na festa de aniversario da súa cuñada. E a cousa non rematará aquí.

XOV 12, 17:30 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 15, 20:00 | SALÓN TEATRO

## SPY NO TSUMA / A MULLER DO ESPÍA (2020)

**Kiyoshi Kurosawa**

Xapón / 115 min. / Ficción / Xaponés

**Ficha artística:**

Yū Aoi, Issei Takahashi, Ryōta Bandō, Chuck Johnson, Yuri Tsunematsu, Minosuke, Hyunri, Masahiro Higashide, Takashi Sasano

**Ficha técnica:**

Guión: Ryusuke Hamaguchi, Tadashi Nohara, Kiyoshi Kurosawa

Fotografía: Tatsunosuke Sasaki

Edición: Hidemi Lee

Produción: Keisuke Tsuchihashi, Takashi Sawada, Satoshi Takada, Tamon Kondo

**Kiyoshi Kurosawa**

(Kobe, Xapón, 1955)

Comezou a facer películas de 8 mm mentres estudaba socioloxía na Universidade de Rikkyo. É recoñecido pola súa valiosa contribución ao cinema fantástico e de terror xaponés, de estilo lírico e inquietante. Con *Tokyo Sonata* gañou o premio especial do xurado da sección Un Certain Regard en Cannes 2008, e con *Viaxe cara á beira* (2015), o galardón ao mellor director da mesma sección. *Creepy* (2016) formou parte de Cineuropa 30.

 2020: Mellor director no Festival de Venecia



Ano 1940 en Kobe, a noite antes do estalido da Segunda Guerra Mundial. O comerciante local, Yusaku Fukuhara, sente que as cousas se encamiñan cara unha inquietante dirección. Deixa á súa esposa Satoko e viaxa a Manchuria. Alí, casualmente presenza un acto bárbaro e está decidido a sacalo á luz, converténdose ao instante nun inimigo público. Pola súa banda, Satoko asegura crer a súa versión e xura que estará ao seu carón independentemente das consecuencias.

VEN 13, 16:00 | TEATRO PRINCIPAL  
SAB 21, 16:00 | SALÓN TEATRO

## SWALLOW (2019)

**Carlo Mirabella-Davis**

Estados Unidos, Francia / 94 min. / Ficción / Inglés

**Ficha artística:**

Haley Bennett, Austin Stowell, Elizabeth Marvel, David Rasche, Denis O'Hare

**Ficha técnica:**

Guión: Carlo Mirabella-Davis

Fotografía: Katelin Arizmendi


Edición: Joe Murphy

Produción: Mollye Asher, Mynette Louie, Carole Baraton, Frederic Fiore

**Carlo Mirabella-Davis**

(Nova York, Estados Unidos, 1986)

Comprou a súa primeira cámara Super 8 aos 14 anos e pasou a súa adolescencia facendo películas cos seus amigos. Estudou produción na Tisch School of the Arts de Nova York. Dirixiu a curta *Knife point* (2009) e codirixiu o documental *The swell season* (2011) xunto a Nick August-Perna e Chris Dapkins. Impartiu clases de cinema a estudantes da Universidade de Nova York durante máis de dez anos.

 2019: Mellor actriz no Festival de TRIBECA  
2019: Premio especial no Festival de Deauville



Hunter semella levar unha vida perfecta xunto a Richie, o seu esposo, que vén de facerse cargo da administración do negocio familiar. Pero cando queda embarazada, desenvolve un trastorno alimentario, o chamado síndrome de Pica, caracterizado pola inxestión compulsiva de obxectos non comestibles. O seu esposo e os seus sogros deciden controlar cada movemento para evitar que dane a estirpe familiar. Pero esta estraña e incontrolable obsesión oculta un escuro segredo.

SAB 7, 12:00 | SALÓN TEATRO  
MER 11, 18:00 | SALÓN TEATRO

## TENGO MIEDO TORERO (2020)

**Rodrigo Sepúlveda**

Chile, Argentina, México / 93 min. / Ficción / Español

**Ficha artística:**

Alfredo Castro, Leonardo Ortizgris, Julieta Zylberberg, Amparo Noguera, Luis Gnecco

**Ficha técnica:**

Guión: Rodrigo Sepúlveda, Juan Tovar

Fotografía: Sergio Armstrong


Edición: Ana Godoy, Rosario Suárez

Produción: Florencia Larrea, Lucas Engel, Gregorio González, Ezequiel Borovinsky, Alejandro Israel

**Rodrigo Sepúlveda**

(Santiago de Chile, Chile, 1959)

Director de cinema e televisión con máis de 30 anos de experiencia. Dirixiu series de televisión, foi produtor executivo da área dramática de TVN e logo director de contido do mesma canle. As súas películas, *Un ladrón y su mujer* (2002), *Padre nuestro* (2005) e *Aurora* (2014) destacan polas súas temáticas sociais, narrativa clara, historias cheas de humanidade e potentes actuacións.



Durante a turbulenta ditadura de Pinochet no Chile dos anos 80, unha vella travesti involúcrase nunha arriscada operación clandestina, logo de namorarse dun guerrilleiro mexicano que lle pide ocultar na súa casa perigosos segredos da resistencia.

SAB 7, 12:00 | TEATRO PRINCIPAL  
VEN 13, 20:00 | NUMAX

## THE BEST IS YET TO COME (2020)

**Jing Wang**

China / 115 min. / Ficción / Mandarín

**Ficha artística:**

White K, Miao Miao, Songwen Zhang, Yang Song

**Ficha técnica:**

Guión: Huang Wei, Hwong Minmin, Chen

Chengfeng, Li Jingrui

Fotografía: Yu Lik Wai


Edición: Matthieu Laclau

Produción: Jia Zhang-ke

**Jing Wang**

(Taiyuan, China, 1984)

Comezou a súa carreira en 2007 como director de anuncios e documentais. Desempeñouse como asistente de dirección de varias das películas de Jia Zhang-ke, incluída *A touch of sin*, *Mountains may depart* e *Ash is purest white*. *The best is yet to come* é o seu debut como director de longametraxe.



China, 2003. Trala epidemia de SARS, a sociedade goza dunha ilusión incansable e sen precedentes: todo o mundo está disposto a demostrar o que vale. Internet aínda non tomou as rendas da vida social. Os xornais lideran a actualidade, son os reis da información. Un interino chamado Han Dong decide cambiar o destino de máis de 100 millóns de persoas cun só artigo. Inspirada en feitos reais.

DOM 8, 17:30 | SALÓN TEATRO

MER 11, 20:45 | NUMAX

**THE WOMAN WHO RAN (2020)****Hong Sang-soo**

Corea do Sur / 77 min. / Ficción / Coreano

**Ficha artística:**

Kim Min-hee, Seo Young-hwa, Song Seon-mi

**Ficha técnica:**

Guión: Ryusuke Hamaguchi, Tadashi Nohara,

Kiyoshi Kurosawa

Fotografía: Tatsunosuke Sasaki

Edición: Hidemi Lee

Produción: Keisuke Tsuchihashi, Takashi

Sawada, Satoshi Takada, Tamon Kondo


**Hong Sang-soo**

(Seúl, Corea do Sur, 1960)

Logo de estudar na Universidade Chungang e nos Estados Unidos, debutou como director en 1996 con *O día que un porco caeu a un pozo*. Nos seus filmes a ilusión de familiaridade relaciónase coa maior sofisticación, a sensación de realismo combínase cun achegamento case conceptual do relato e o tempo cinematográfico. En 2015 foi recoñecido co Leopardo de Ouro do Festival de Locarno por *Agora si, antes non*.



2020: Oso de Prata á mellor dirección na Berlinale



Mentres o seu marido está nunha viaxe de negocios, Gamhee visita a tres vellos amigas. Aparece entón de forma inesperada un home que interrompe o fio tranquilo das súas conversacións.

VEN 13, 19:30 | SALÓN TEATRO

MER 18, 17:00 | NUMAX

**THERE IS NO EVIL (2020)****Mohammad Rasoulof**

Irán, Alemaña, República Checa / 150 min. / Ficción / Persa

**Ficha artística:**

Ehsan Mirhosseini, Shaghayegh Shourian, Kaveh

Ahangar, Alireza Zareparast, Salar Khamseh,

Darya Moghbeli

**Ficha técnica:**

Guión: Mohammad Rasoulof

Fotografía: Ashkan Ashkani

Música: Amir Molookpour

Produción: Mohammad Rasoulof, Kaveh

Farnam, Farzad Pak

**Mohammad Rasoulof**

(Shiraz, Irán, 1972)

Comezou a dirixir documentais e curtametraxes mentres estudaba socioloxía. As súas sete longas foron vítimas da censura en Irán. En 2010, foi arrestado no set mentres traballaba xunto a Jafar Panahi e condenado a un ano de prisión. Gañou numerosos premios internacionais polo seu traballo, incluídos varios premios Un Certain Regard en Cannes. Desde 2017, prohibíuselle oficialmente saír de Irán.



2020: Oso de Ouro na Berlinale



Catro historias sobre fortaleza moral e a pena de morte que cuestionan ata que punto a liberdade individual pode expresarse nun réxime despótico.

**IMPULSA O TEU PERFIL PROFESIONAL**

A maior feira de emprego 100% virtual

T A  
L E  
N T  
I A

SUMMIT '20

SUPERANDO A INCERTEZA

Do 23 ao 27 de novembro

talentiasummit.com

23  
27  
NOV

**SECCIÓN OFICIAL**

**Latidoamericano**

**#CINEUROPA34**

# Latidoamericano

A creatividade abafadora que chega de países como Arxentina, Brasil ou Chile. Cinema moitas veces posuído do carácter de urxencia de situacións políticas convulsas como esa memoria imprescindible de Caetano Veloso e a súa vivencia da ditadura.

XOV 12, 16:00 | NUMAX  
DOM 15, 12:00 | SALÓN TEATRO

## DESTERRO (2020)

**Maria Clara Escobar**

Brasil, Portugal, Arxentina / 123 min. / Ficción / Portugués

**Ficha artística:**

Carla Kinzo, Otto Jr., Rômulo Braga, David Lobo, Bárbara Colen, Georgette Fadel, Isabel Zuaa

**Ficha técnica:**

Guión: María Clara Escobar

Fotografía: Bruno Risas


Edición: Patrícia Saramago

Produción: Paula Pripas, João Matos, Ivan Eibuszyc

**Maria Clara Escobar**

(Río de Xaneiro, Brasil, 1988)

En 2012 dirixiu *Os días com ele*, un documental premiado en DocLisboa e no Festival de Cinema da Habana, entre outros moitos festivais. Traballou como guionista e subdirectora da película de Julia Murat *Histórias que só existem quando lembradas* (2011), que obtivo máis de 30 premios. En 2019, lanzou o seu primeiro libro de poemas *Medo, Medo, Medo. Desterro* é a súa primeira longametraxe de ficción.



Unha casa está en chamas. Todas as casas. Unha viaxe convértese en varias viaxes e esa é sen retorno. Moitas mulleres falan. Contan as súas historias. A perda, a morte e a loita por ser, á beira dos outros.

MAR 10, 18:30 | NUMAX  
DOM 22, 12:00 | TEATRO PRINCIPAL

## EL PRÓFUGO (2020)

**Natalia Meta**

Arxentina, México / 95 min. / Ficción / Español

**Ficha artística:**

Érica Rivas, Nahuel Pérez Biscayart, Cecilia Roth, Daniel Hendler

**Ficha técnica:**

Guión: Natalia Meta

Fotografía: Bárbara Álvarez, Leonel D'Agostino


Edición: Eliane Katz

Produción: Benjamín Domenech, Santiago Gallelli, Matías Roveda, Natalia Meta, Fabiana Tiscornia

**Natalia Meta**

(Bos Aires, Arxentina, 1974)

Licenciada en filosofía pola Universidade de Bos Aires, debutou como directora coa longametraxe *Muerte en Buenos Aires* (2014), todo un éxito de público en Arxentina. Traballou como produtora asociada en filmes como *Un amor* (2011), de Paula Hernández; *Las acacias* (2011), de Pablo Giorgelli, e *Zama* (2017), de Lucrecia Martel. *El prófugo*, a súa segunda longa, competiu na Sección Oficial da Berlinale.



Inés é unha muller que, tras un episodio traumático durante unha viaxe coa súa parella, comeza a confundir os límites entre o real e o imaxinario. Vivos pesadelos e sons recorrentes invaden a vida cotiá que leva xunto a súa nai, ata que ensaiando para un concerto coñece a Alberto, un mozo que se acomoda sen dubidalo ao seu mundo. Pero Inés non pode evitar unha sensación perigosa: os personaxes que poboan os seus soños intentan apoderarse do seu corpo.

LUN 9, 16:00 | NUMAX  
XOV 12, 18:30 | NUMAX

## LA DOSIS (2020)

**Martín Kraut**

Arxentina / 93 min. / Ficción / Español

**Ficha artística:**

Carlos Portaluppi, Ignacio Rogers, Lorena Vega

**Ficha técnica:**

Dirección: Guión: Martín Kraut

Fotografía: Gustavo Biazzi


Música: Juan Tobal

Produción: Pablo Chernov

**Martín Kraut**

(Bos Aires, Arxentina, 1982)

Estudou dirección cinematográfica na Universidade do Cine de Bos Aires. Foi fotógrafo, cámara e editor do Centro de Información Xudicial entre 2008 e 2014. En 2017 gañou o Concurso Ópera Prima do INCAA e a Bolsa á Creación do Fondo Nacional das Artes para filmar a súa primeira longametraxe: *La dosis*.



Marcos é un enfermeiro con experiencia. Traballa na quenda nocturna dunha clínica privada provincial. É aplicado e profesional, pero ten un segredo: nalgúns casos extremos aplica a eutanasia. Gabriel, un novo enfermeiro, sacode o sector: é novo, intelixente e fermoso. Axiña descifra o segredo de Marcos tomando progresivamente o control da súa vida. Marcos retráese ata descubrir que Gabriel tamén mata, pero caprichosamente. Esa revelación obrigáralo a enfrontarse a Gabriel, Marcos sabe que só expoñendo a súa verdadeira identidade poderá detelo.

MAR 10, 20:30 | SALÓN TEATRO  
DOM 15, 16:15 | NUMAX

## NARCISO EM FÉRIAS (2020)

**Renato Terra, Ricardo Calil**

Brasil / 83 min. / Documental / Portugués

**Ficha artística:**

Coa intervención de Caetano Veloso

**Ficha técnica:**

Guión: Renato Terra, Ricardo Calil

Fotografía: Fernando Young

Edición: Henrique Alqualo, Jordana Berg

Produción: Paula Lavigne, Maria Bruno

**Renato Terra**

Codirector, con Ricardo Calil, dos documentais *Uma noite em 67* (2010), *Eu sou Carlos Imperial* (2016) e *Narciso em férias* (2020). Director de *Fla x Flu: 40 minutos antes do nada* (2013), Premio do Público no Festival de Río.

**Ricardo Calil**

(Brasil, 1975)

Xornalista e crítico de cinema da Folha de Sao Paulo e codirector, xunto a Renato Terra, dos documentais *Uma noite em 67* (2010), *Eu sou Carlos Imperial* (2016) e *Narciso em férias* (2020). En 2018 dirixiu o documental *Cine Marrocos*.



O 13 de decembro de 1968, a ditadura militar brasileira aprobou o quinto acto institucional. AI-5, como se coñeceu, marcou o inicio da fase máis represiva e violenta do réxime. Catorce días despois foi detido o cantautor Caetano Veloso. Tiña 26 anos e foi sacado da súa casa en São Paulo por axentes vestidos de civil que se negaron a dicirlle o porqué da súa detención. Levado a Río de Xaneiro, pechado en illamento durante unha semana e logo trasladado a outras celas, sufriu a proba máis grande da súa vida. En total, estivo na cadea durante 54 días.

# #CINEEUROPA34

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

6/22 NOVEMBRO

2020

A CORUÑA PROVINCIA

# 956 KM DE COSTA E UN CAMIÑO INFINITO DAN PARA MOITO TALENTO

- Rías Altas: Ferrolterra
- Rías Altas: A Coruña e As Mariñas
- Costa da Morte
- Terras de Santiago
- Rías Baixas: Ría de Muros e Noia
- Rías Baixas: Ría de Arousa Norte



Deputación  
DA CORUÑA



turismo.dacoruna.gal



**SECCIÓN OFICIAL**

**Docs**  
**Cineuropa**  
**#CINEUROPA34**



# Docs Cineuropa

A ambición do documental como canle da memoria: desde os ecos da Irlanda de 'The Pogues' e o conflito con Gran Bretaña ao franquismo mal enterrado no Val dos Caídos ou na morte de Unamuno.

XOV 12, 20:15 | SALÓN TEATRO  
VEN 13, 18:15 | NUMAX

## A POETA ANALFABETA (2020)

**Sonia Méndez**

Galicia / 71 min. / Documental / Galego

**Ficha técnica:**

Guión: Sonia Méndez

Fotografía: Lucía C. Pan


Edición: Víctor H. Seoane

Producción: Cósmica Produccións

**Sonia Méndez**

(Vigo, 1980)

Ten unha longa traxectoria no campo da interpretación, dirección e produción audiovisual. Ten dirixidas e producidas seis curtametraxes e dúas series para internet. Directora e co-guionista da serie *Antes de perder* para Playz (RTVE). Ademais, dende o 2014 dirixe o Carballo Interplay, festival de contidos dixitais. En 2018 funda Cósmica Produccións xunto a Nati Juncal Portas. Xuntas producen a longametraxe documental *A poeta analfabeta*. Ademais teñen en desenvolvemento a longametraxe de ficción *As Neves* e o documental *A muller borrada*.



*A poeta analfabeta* é un filme documental que retrata a unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria. Aos seus 88 anos Luz é testemuña viva das realidades máis duras do século XX, por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre, por ser roxa. Luz é unha muller brava, unha persoa fundamentalmente política e un ser cunha humanidade excepcional. Como entende o mundo esta poeta que a pesar do tremor das mans escribe todos os días? Que a move a tal esforzo? Que a mantén viva?

SAB 14, 20:00 | NUMAX  
DOM 15, 17:00 | SALÓN TEATRO

## ÁNGELES CON ESPADA (2020)

**Javier Rioyo**

España / 90 min. / Documental / Castelán

**Ficha artística:**

Benito Rabal, Lola Rabal, Nicolás Sánchez-Albornoz, Alberto Bárcena, Pablo Linares, Azucena Rodríguez "La Rubia"

**Ficha técnica:**

Dirección: Javier Rioyo

Guión: Javier Rioyo

Fotografía: Alberto Molina

Edición: Pablo Blanco

Producción: DOC LAND, RTVE

**Javier Rioyo**

(Madrid, 1952)

Licenciado en Ciencias da Información, con estudos en Políticas, Socioloxía e Filoloxía, foi subdirector de Cinemania, columnista de El País e director de programas culturais en televisión e radio. Dirixiu, entre outras, *Asaltar los cielos* (1996; premiada en Tempo de Historia), *Lorca, así que pasen cien años* (1998; aspirante ao Emmy), *A popósito de Buñuel* (2000) e *Extranjeros de sí mismos* (2000, candidata ao Goya e seleccionada en Tempo de Historia). Actualmente é director do Instituto Cervantes de Tánxer, tras dirixir os de Nova York e Lisboa.



O Val dos Caídos foi unha obra de Franco, unha particular obsesión. El atopou o lugar, expropiou os terreos, mandou construír a calquera prezo, decidiu os seus construtores e a súa estética... A ética non estaba no guión. Unha historia a pedra e lume, un símbolo que tamén coñeceu as pelexas dentro do Réxime, franquistas contra falanxistas. Os gañadores tamén tiñan os seus perdedores. Foi, xa non segue sendo, o lugar onde baixo mil cincocentos quilos estaba enterrado un dos máis ignominiosos personaxes da nosa historia.

SAB 7, 20:00 | SALÓN TEATRO  
VEN 20, 16:30 | SALÓN TEATRO

## CROCK OF GOLD: A FEW ROUNDS WITH SHANE MACGOWAN (2020)

**Julien Temple**

Reino Unido / 124min. / Documental / Inglés

**Ficha artística:**

Shane MacGowan, Johnny Deep, Siobhan MacGowan, Maurice MacGowan, Victoria Mary Clarke, Gerry Adams, Ann Scanlon, Bobby Gillespie, The Pogues, Bono, Nick Cave, Paolo Ikonimi

**Ficha técnica:**

Guión: Julien Temple

Fotografía: Stephen Organ

Música: Ian Neil

Edición: Caroline Richards

Producción: Johnny Deep

**Julien Temple**

(Kensington, Reino Unido, 1952)

Director de documentais, ficcións e videos musicais nos que a música ocupa un lugar central. Comezou a súa carreira facendo curtametraxes sobre Sex Pistols. As súas obras de ficción máis salientables son *Absolute beginners* (1986), *Earth girls are easy* (1988), *Vigo: A passion life* (1998) ou *Pandemonium* (2000).



*Crock of Gold*, que combina imaxes de arquivo invisibles da banda e a familia de MacGowan con animacións de Ralph Steadman, entre outros, é unha celebración do punk/poeta irlandés Shane MacGowan, cantante principal e compositor de The Pogues.

LUN 9, 18:00 | NUMAX  
 MER 11, 16:30 | NUMAX

## PALABRAS PARA UN FIN DEL MUNDO (2020)

**Manuel Menchón**

España / 93 min. / Documental / Español

**Ficha artística:**


Antonio de la Torre, José Sacristán, Marian Álvarez, Víctor Clavijo, Andrés Gertrúdix, Miguel Cubero, Vicente León, Ramón Mayrata

**Ficha técnica:**

Guión: Manuel Menchón  
 Fotografía: Javier Calvo  
 Edición: Renato Sanjuán  
 Producción: Pantalla Partida Producciones, Imagine! Factory Films, Televisión Española (TVE)

**Manuel Menchón**

(Málaga, 1977)  
 Director e guionista español que combina tanto o documental como a ficción. No 2008 dirixe o seu primeiro documental, *Malta Radio*. E no 2016 firma a súa primeira longametraxe *La isla del viento*.



No nacemento da Segunda República, Miguel de Unamuno é considerado unha das pedras fundacionais do novo réxime. É proposto mesmo para presidir a República. Só 5 anos máis tarde, Unamuno será enterrado, con honras falanxistas. *Palabras para un fin do mundo* é unha minuciosa, prolongada e decisiva investigación. Novas probas e documentos inéditos verán a luz 84 anos despois para coñecer, con rigor histórico, as palabras e os feitos protagonizados por Unamuno e Millán-Astray aquel 12 de outubro de 1936.

XOV 12, 21:00 | NUMAX  
 DOM 22, 12:00 | SALÓN TEATRO

## SONDERGUT (2020)

**Sergio Sotelo**


Estados Unidos, España / 49 min. / Documental / Inglés

**Ficha técnica:**

Guión, fotografía e edición: Sergio Sotelo

**Sergio Sotelo**

Sergio Sotelo é xornalista e produtor multimedia radicado en Boston desde hai máis dunha década. Con anterioridade á súa chegada a Estados Unidos, formou parte das redaccións de varios xornais de Ecuador e Arxentina, onde traballou como reporteiro e editor. *Sondergut*, que desenvolveu mentres cursaba o Máster en Documental de Creación da Universidade Pompeu Fabra, en Barcelona, é a súa ópera prima.



O set de BeLive da Cambridge Community Television (EEUU) é —desde hai tres décadas— o escenario dun iconoclasta experimento de participación cidadá. Un experimento en formato “do-it-yourself-TV” que busca promover o dereito á liberdade de expresión. A través do sinal televisivo da canle 9, e en rigoroso directo, cóase tamén o teatro da comedia humana.

# Emocions naturais

Natureza, vida e amor

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO  
 2020 → 2021



AUDITORIO DE GALICIA

**SECCIÓN OFICIAL**

**Fantastique  
Compostela**

**#CINEUROPA34**

# Fantastique Compostela

O xénero fantástico viviu unha colleita abundante de ideas. Extraordinarias obras procedentes de Asia. Ou o fenómeno viral da tempada, a norteamericana 'Host', cima do cinema de terror.

DOM 8, 12:30 | TEATRO PRINCIPAL

MAR 10, 16:30 | NUMAX

## BLISS (2019)

**Joe Begos**

Estados Unidos / 80 min. / Ficción / Inglés

**Ficha artística:**

Dora Madison, Jeremy Gardner, Tru Collins, Rhys Wakefield, George Wendt

**Ficha técnica:**

Guión: Joe Begos

Fotografía: Mike Testin


Música: Steve Moore

Producción: Channel 83 Films

**Joe Begos**

(Rhode Island, Estados Unidos, 1987)

Con 12 anos comezou a experimentar cunha cámara doméstica para, máis adiante, facerse cunha propia e rodar numerosas curtas co seu amigo Josh Ethier, futuro produtor, montador, deseñador de son e actor en case todas as súas películas. Traballou como director de escena en *Re-Animator: The Musical*. Tras realizar a curtametraxe *Bad Moon Rising* (2011) debutou na longa con *Case humanos* (2013).



Unha pintora brillante enfróntase ao bloqueo creativo máis duro de toda a súa traxectoria. Desesperada por atopar fontes de inspiración para rematar a súa obra, lánzase a unha espiral alucinada de drogas, sexo e morte, nas paisaxes máis sórdidas de Los Ángeles.

VEN 13, 20:45 | TEATRO PRINCIPAL

SAB 21, 21:00 | SALÓN TEATRO

## HOST (2020)

**Rob Savage**

Reino Unido / 57 min. / Ficción / Inglés

**Ficha artística:**

Haley Bishop, Radina Drandova, Edward Linard, Jemma Moore, Caroline Ward, Emma Louise Webb

**Ficha técnica:**

Guión: Rob Savage, Gemma Hurley,

Jed Shepherd

Edición: Brenna Rangott

Producción: Douglas Cox, Emily Gotto,

Samuel Zimmerman

**Rob Savage**

Escribiu, dirixiu, filmou, coproduciu e editou a longametraxe *Strings* aos 17 anos, filme que foi estreado no Festival de Cinema de Roma. Rob está a desenvolver actualmente unha serie de proxectos de cinema e televisión, entre eles *Dawn of the deaf* cos produtores Rob Watson e Fodhla Cronin O' Reilly (*Lady Macbeth*).



En pleno confinamento, un grupo de amigas quedan para realizar unha sesión de espiritismo a través de Zoom. O ambiente entúrbiase cando alguén (ou algo) máis se une á chamada... *Host* é unha das sensacións do terror desta tempada, rabiosamente contemporánea na súa linguaxe e de sabor deliciosamente clásico na administración de sustos sen cuartel.

SAB 14, 17:00 | SALÓN TEATRO

MAR 17, 20:00 | SALÓN TEATRO

## IMPETIGORE (2020)

**Joko Anwar**

Indonesia / 107 min. / Ficción / Indonesio

**Ficha artística:**

Tara Basro, Ario bayu, Marissa Anita, Christine Hakim, Asmara Abigail, Kiki Narendra, Zidni Hakim, Faradina Mufti, Abdurrahman Arif, Muhammad Abe Baasyn, Mursiyanto, Ahmad Ramadhan, Aura Agna

**Ficha técnica:**

Guión: Joko Anwar

Fotografía: Ical Tanjung

Edición: Dinda Amanda

Producción: Base Entertainment, CJ Entertainment, Ivanhoe Pictures, Rapi Films

**Joko Anwar**

(Indonesia, 1976)

Escritor, actor e director. Debuta como cineasta no 2005. Director coñecido pola súa versatilidade, fai cinema negro (*Dead Time: Kala*, 2007), suspense (*The Forbidden Door*, 2009), drama (*A Copy of My Mind*, 2015), terror (*Satan's Slaves*, 2017) e mesmo cinema de superheroes (*Gundala*, 2019).



Maya e a súa mellor amiga, Dini, intentan sobrevivir nunha cidade sen familia. Cando Maya se decata de que podería herdar unha propiedade da súa rica familia regresa á vila con Dini sen darse conta do perigo que a estaba esperando.

MAR 10, 17:00 | SALÓN TEATRO  
MAR 17, 16:30 | TEATRO PRINCIPAL

## IT COMES (2019)

**Tetsuya Nakashima**

Xapón / 134 min. / Ficción / Xaponés

**Ficha artística:**

Junichi Okada, Nana Komatsu, Satoshi Tsumabuki, Haru Kuroki, Takako Matsu

**Ficha técnica:**

Guión: Tetsuya Nakashima, Hideto Iwai, Nobuhiro Monma  
Fotografía: Ryoken Okamura  
Edición: Yoshiyuki Koike  
Produción: Minami Ichikawa, Genki Kawamura, Tomoya Nishino

**Tetsuya Nakashima**

(Fukuoka, Xapón, 1959)

Realizador publicitario, debutou en 1997 con *Happy-Go-Lucky*. Cultivou un grande éxito con *Kamikaze girls* (2004), *Confessions* (2010) e *O mundo de Kanako* (que formou parte da programación de Cineuropa 2014) confirmárono como un dos directores máis interesantes de Xapón.



Hideki leva unha vida perfecta, polo menos ata que un día un compañeiro de traballo lle dá o aviso de que ten unha visita. Cando chega á recepción non hai ninguén, pero atopa un informe sobre a súa filla que non naceu. Dous anos máis tarde, o compañeiro morre misteriosamente e unha presenza sinistra axexa a casa de Hideki, que decide recorrer a un exorcista.

LUN 9, 16:30 | SALÓN TEATRO  
MER 11, 18:45 | NUMAX

## THE TROUBLE WITH BEING BORN (2020)

**Sandra Wollner**

Austria / 94 min. / Ficción / Alemán

**Ficha artística:**

Lena Watson, Dominik Warta, Ingrid Burkhard, Jana McKinnon

**Ficha técnica:**

Guión: Sandra Wollner, Roderick Warich  
Fotografía: Timm Kroger  
Edición: Hannes Brunn  
Produción: Lixi Frank, David Bohun

**Sandra Wollner**

(Leoben, Austria, 1983)

Dirixiu en 2016 a súa primeira longametraxe, *Das unmögliche Bild* (*The impossible picture*), pola que recibiu o Premio da Crítica alemá en 2019. Tamén codirixiu xunto a Michaela Taschek as curtametraxes *Uns geht es gut* (2013) e *Viktor* (2015). *The trouble with being born* foi distinguida co premio do xurado da sección Encounters no pasado Festival de Berlín.



Elli é unha androide e vive cun home ao que chama pai. É quen de rememorar vacacións e calquera cousa que el programe para que ela lembre. Deseñada para asemellarse a unha das súas lembranzas, realmente parece estar viva, ás veces mesmo parece soñar, e con todo non deixa de ser unha máquina, un contedor para as lembranzas que son todo para el e nada para ela. Esas evocacións parecen dominala, de feito chegaron a ter vida propia. Unha noite ela inténase no bosque seguindo un eco evanescente. Pérdese entre as matogueiras ata que é atopada e levada para casa por unha persoa que lle proporciona novas lembranzas e unha nova identidade.



Compostela  
Cultura

[cineuropa.gal](http://cineuropa.gal)

**SECCIÓN OFICIAL**

**Panorama  
Audiovisual  
Galego**

**#CINEUROPA34**

# Panorama Audiovisual Galego

A relación co Novo Cinema Galego, cuxos primeiros pasos tiveron foco principal en Cineuropa. E este ano, o marcado protagonismo de dous Premios Cineuropa asociados intimamente con Galicia.

XOV 12, 20:15 | SALÓN TEATRO

VEN 13, 18:15 | NUMAX

## A POETA ANALFABETA (2020)

**Sonia Méndez**

Galicia / 71 min. / Documental / Galego

**Ficha técnica:**

Guión: Sonia Méndez

Fotografía: Lucía C. Pan

Edición: Víctor H. Seoane

Produción: Cós mica Producións

**Sonia Méndez**

(Vigo, 1980)

Ten unha longa traxectoria no campo da interpretación, dirección e produción audiovisual. Ten dirixidas e producidas seis curtametraxes e dúas series para internet. Directora e co-guionista da serie *Antes de perder* para Playz (RTVE). Ademais, dende o 2014 dirixe o Carballo Interplay, festival de contidos dixitais. En 2018 funda Cós mica Producións xunto a Nati Juncal Portas. Xuntas producen a longametraxe documental *A poeta analfabeta*. Ademais teñen en desenvolvemento a longametraxe de ficción *As Neves* e o documental *A muller borrada*.



A *poeta analfabeta* é un filme documental que retrata a unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria. Aos seus 88 anos Luz é testemuña viva das realidades máis duras do século XX, por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre, por ser roxa. Luz é unha muller brava, unha persoa fundamentalmente política e un ser cunha humanidade excepcional. Como entende o mundo esta poeta que a pesar do tremor das mans escribe todos os días? Que a move a tal esforzo? Que a mantén viva?

MER 18, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL

XOV 19, 18:00 | NUMAX

## NACIÓN (2020)

**Margarita Ledo Andión**

Galicia / 90 min. / Documental / Galego

**Ficha artística:**

Nieves Pérez Lusquiños, Manuela Nóvoa Pérez, Ester García Lorenzo, Carmen Portela Lusquiños e Carmen Álvarez Seoane (ex-traballadoras d'A Pontesa); Mónica Camaño, Mónica de Nut, Laura Martínez Iglesias, Xoana Pintos, Eva Veiga

**Ficha técnica:**

Guión: Margarita Ledo

Fotografía: Alberte Branco

Edición: Marcos Flórez, NUMAX

Música: Mercedes Peón

Produción: Olaia Ledo, Silvia Fuentes

**Margarita Ledo Andión**

(Castro de Rei, Lugo, 1951)

Unha triloxía do século XX, coa utopía e a desposesión dos corpos migrantes como tema, deron pé aos filmes *Santa Liberdade* (2004); *Liste, pronunciado Lister*, (2007) e *A cicatriz branca* (2012). Con *Nación*, 2020, a poética parte da presenza da esfinxe, para reclamar a memoria das operarias do téxtil, a louza, a conserva e anunciar un palimpsesto de voces e de arquivos que engarzan tempos e corpos diferentes.



1969: Nieves Lusquiños entra a traballar na fábrica de louza Pontesa aos 14 anos. Lembra o primeiro sobre coa paga semanal, un sobre beis, non moi grande, que ten que entregar na casa pero que a fai sentirse importante. Aos 18 estrea vacacións co seu Diane6 amarelo e descapotábel, estrea reunións prohibidas, os *gintonic* en Flope... até que un día o patrón deixa de pagar. *Traballar sen cobrar? Iso nin falar. Non traballedes gratis, por favor. A la mierda!*, exclama Nieves.

DOM 22, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL

## ONS (2020)

**Alfonso Zarauza**

España / 87 min. / Ficción / Galego, castelán

**Ficha artística:**

Melania Cruz, Antonio Durán 'Morris', Xúlio Abonjo, Anaëli Snoek, Marta Lado, Diego Anido, Cris Iglesias, Miguel de Lira

**Ficha técnica:**

Guión: Alfonso Zarauza, Jaione Camborda Coll

Fotografía: Alberte Branco AEC

Edición: Fernando Alfonsín

Produción: Maruxiña Film Company, Bando à Parte

**Alfonso Zarauza**

(Santiago de Compostela, 1973)

É un dos directores galegos cunha traxectoria máis longa e prestixiosa na actualidade. Como director realizou anteriormente tres longametraxes de ficción que obtiveron premios internacionais -*La noche que dejó de llover* (2008), *Los fenómenos* (2014), *Encallados* (2013)-, un documental -*A Viaxe dos Chévere* (2014)-, seis curtametraxes, dúas series de ficción e máis de vinte videoclips e pezas experimentais.



Tras unha profunda depresión pola morte da súa amante nun accidente de coche, o doutor Vicente chega xunto coa súa esposa Mariña a unha remota illa atlántica coa intención de pasar o verán, curar a súa enfermidade e recuperar o seu matrimonio. A vida na solitaria illa senta ben a Vicente, que lle pide á súa muller prolongar a súa estancia e pasar o outono. Cada día vaise sentindo mellor ata que, tras un naufraxio en medio dun temporal, unha misteriosa e amnésica muller estranxeira aparece na illa e irrompe nas súas vidas. A partir dese momento xa nada volve ser o que era.

# Curtas galegas Sesión I

VEN 13, 16:00 | NUMAX

## ONDE ESTAMOS NÓS, A OUTRA OLLADA DO CINEMA (2018)

**Lara Alonso**

Galicia / 39 min. / Documental / Galego

**Intervieñen:**

Mariana Carballal, Noemí Chantada, Paula Cons, Lucía Estévez, Anxos Fazáns, Xisela Franco, Margarita Ledo e Olga Osorio

**Ficha técnica:**

Guión, edición e produción: Lara Alonso

Imaxe: Alba Acuña, Lara Alonso e Silvia Troncoso

Son: Alba Acuña, Brais Gómez e Silvia Troncoso.

**Lara Alonso Vázquez**

(Vigo, 1996)

Graduouse en comunicación audiovisual en Pontevedra. Ao longo dos seus estudos dirixiu varias curtametraxes: *Sueña* (2015), un *stop motion* de papel, e *Lume* (2018), videoarte para o proxecto Galifemia. Como Traballo de Fin de Grao (2018), presentou o documental *Onde estamos nós, a outra ollada do cinema*. Neste momento segue escribindo e desexando que as súas verbas se transformen en imaxes.

WOM



*Onde estamos nós* é un documental feminista, de carácter testemuñal, que ten como obxectivo visibilizar a obra audiovisual dalgunhas das directoras máis recoñecidas do ámbito galego. O proxecto adquire unha visión crítica da ausencia de mulleres no posto de dirección en Galicia. Pretende concienciar sobre o que supón ser muller e dirixir, da falta de referentes femininos nos manuais de estudo, da invisibilidade nas carteleiras, entre outros aspectos de interese, abordados desde unha clara perspectiva de xénero.

## THE DEATH: EL REENCUENTRO (2020)

**Pablo Vázquez**

Galicia / 31 min. / Documental / Castelán

**Ficha artística:**

Iago Álvarez, Javier Varela, Pablo Villalobos, Pablo Vázquez

**Ficha técnica:**

Guión, fotografía e montaxe: Pablo Vázquez

Banda sonora: Denis Carballás, Pablo Vázquez

**Pablo Vázquez**

(Vigo, 1995)

Tras graduarse en comunicación audiovisual na Universidade de Vigo, dedicou a maior parte do seu tempo ás súas tres grandes paixóns: música, cinema e fotografía. Despois da realización do seu primeiro documental Cuna de músicos (2017), co-dirixido xunto a Denis Carballás, Pablo filmou diversos videoclipos e concertos para bandas locais. *The Death: el reencuentro* é o seu segundo documental e o seu proxecto máis persoal ata a data.



Tres amigos rememoran vellos tempos a través dunha película que filmaron cando eran nenos: *The Death*. Á súa vez, o director do documental reflexiona sobre a importancia que esta obra tivo na súa traxectoria e na súa vida. Unha homenaxe ás amizades da infancia e á inocencia do cinema caseiro feito por pura diversión.

# Curtas galegas Sesión II

XOV 19, 16:00 | NUMAX

## CARTA Nº4 (2020)

**Marcos Nine**

España / 2020 / 12 min. / Documental / Galego

**Intervieñen:**

Eloy D. Serén, Marcos Nine, Alberto Nuñez Feijoo, Pachi Vázquez, Francisco Jorquera, Xosé Manuel Beiras, María Dolores de Cospedal, Javier Sánchez de Dios, Ximena Losada, Miguel Mariño, Xiana Arias, Martin Pawley, Aarón Toledano

**Ficha técnica:**

Guión e montaxe: Marcos Nine

Tradución: Miriam Devesa

Deseño gráfico: Rodrigo Losada

**Marcos Nine**

(Hannover, 1977)

Cineasta e guionista que centra o seu traballo nos campos da non-ficción e a experimentación. Inicia a súa carreira en 2001 como guionista de series de televisión ata que en 2003 dirixe *Carcamáns*, documental sobre a catástrofe do Prestige na ría de Arousa. Estreou a súa primeira longametraxe, *La Brecha* (2012), no prestigioso BAFICI de Bos Aires; *A viaxe de Leslie* (2014) foi a súa segunda longa.



Un cineasta, fillo de emigrantes, escribe unha videocarta a un cineasta obrigado a emigrar. O tempo é como un bucle. Descoñecemos se vivimos no pasado ou se é o inicio do futuro por chegar. A mesma política repítese unha e outra vez.

## COMO ESTATUAS QUE SON LOS GUARDIANES DE LOS MUERTOS (2019)

**Gonzalo E. Veloso**

Galicia / 9 min. / Experimental / Sen diálogos

**Ficha técnica:**

Guión: Gonzalo E. Veloso

Fotografía: Mauro Herce


Sonido: Carlos Martínez Peñalver-Mas

Música: Carlos Martínez Peñalver-Mas

**Gonzalo E. Veloso**

(A Coruña, 1985)

Estudou filoloxía hispánica, especializándose en teoría da cultura, na USC, na UDC e en Princeton. Posteriormente, cursou o mestrado en documental de creación na Universitat Pompeu Fabra. Foi seleccionado no IV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura e no Inspiration Forum do Jihlava IDFF (República Checa). As súas curtas *Árbores* e *Algunhas nubes flotan lonxanas* foron exhibidas no 31º Cineuropa.



"Neste esforzo por recuperar o mundo tal e como o captamos na experiencia vivida, todas as precaucións da arte clásica voan en pedazos" (Maurice Merleau-Ponty).



# Curtas galegas Sesión II

XOV 19, 16:00 | NUMAX

## MONTE BRAVO (2020)

**Noelia María Muíño González**

Galicia / 13 min. / Ficción / Galego

**Ficha artística:**

Paula Vázquez Corral, Pablo Balado Rey, Isabel Figueira Salgueiros, María del Carmen Sanjurjo Manteiga

**Ficha técnica:**

Guión: Noelia María Muíño González

Fotografía: Lorena M. Durán

Edición: Noelia María Muíño González

Producción: Noelia María Muíño González, Manuel Muíño Vázquez, María Isabel González Aguiar

**Noelia María Muíño González**

(Hannover, 1977)

Escritora, produtora, directora e editora tanto de curtametraxes como de documentais. As súas películas foron seleccionadas por diferentes festivais de cinema e obtiveron varios premios, entre eles, mellor curtametraxe internacional por *The widow* no Festival de Cinema de Alacante. Actualmente, Noelia está a traballar como directora dunha serie de televisión.




Paula é unha nena que vive nunha aldea galega despois da Guerra Civil. Un día, mentres xoga co seu irmán Pablo, ve un lobishome no bosque. Pero, é real ou só está na imaxinación da nena? Mediante a procura dos irmáns para atopar o licántropo, somerxémonos nunha relación chea de soledade, alegría e medo.

## BURDEOS-PORTO (2020)

**Ángel Filgueira, Marta Valverde**

España / 11min. / Documental / Galego

**Ficha técnica:**

Edición: Ángel Filgueira, Marta Valverde

**Ángel Filgueira**

(Redondela 1992)

Graduado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, estuda o Máster de Investigación en Prácticas Artísticas e Visuais en Cuenca no 2018-2019. No 2018 estrea a longametraxe documental *Sevilla e Gomorra*, proxectado no festival Cineuropa dese ano. Actualmente traballa na súa seguinte longametraxe *Cando toco un animal*, que participou no LAB do Festival Novos Cinemas de 2018 e no Imput do S8 - Mostra de Cinema periférico deste 2020.

**Marta Valverde**

(Nigrán, 1994)

Desenvolve o seu traballo no audiovisual e na fotografía desde a experimentación e a hibridación de formas. Graduada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo e recentemente titulada pola UPV/ EHU no Máster en Arte Contemporánea Tecnolóxica e Performativo, é actualmente bolseira no Máster en Artes e Profesións Artísticas da escola Sur. Co-creadora do espazo Fuck this studio en Vigo, realiza pezas audiovisuais propias como *Resiliencia* (2016), *O tempo suspendido* (2017), ou *Blanco e Fucsia* (2020).




## HELSINKI 79 (2019)

**Pablo Fontenla**

Galicia / 20 min. / Ficción / Castelán, inglés, finés

**Ficha artística:**

Antti Nykänen, Tomás Ahola, Marika Ketola, Roberto Leal, Luis Soto, Jordi Ortega, Martíñ Ahola, Moncho Bazarra, Pablo Fontenla, Daniel Vilaverde, Perico Balado, Iván Valdés, Ángel Suanzes

**Ficha técnica:**

Guión: Brais Romero, Pablo Fontenla

Fotografía: Javier Alonso, Pablo Fontenla

Edición: Emilio Carral

Producción: Pablo Fontenla, Águeda Penedo

**Pablo Fontenla**

(Vigo, 1979)

Realizador, director de foto e operador de cámara. Formouse na Escola de Imaxe e Son da Coruña na especialidade de imaxe e na Universidade de Santiago de Compostela como Especialista en arte dramática. A súa actividade profesional está vinculada á realización e gravación de programas de TV, documentais, anuncios e cinema.



# #CINEUROPA34

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

6/22 NOVEMBRO

# 2020

**SECCIÓN OFICIAL**

**Novos  
realizadores**

**#CINEUROPA34**

# Novos realizadores

Cineuropa planea inaugurar este ano sección competitiva con xurado con esta sección destinada a primeiras ou segundas películas. A situación de continxencia sanitaria levounos a pospoñela. Pero aquí están, para que gocen, óperas primas certificadas xa como cinema maxistral súbito.

VEN 13, 18:30 | TEATRO PRINCIPAL  
XOV 19, 18:30 | SALÓN TEATRO

## 16 PRINTEMPS / SPRING BLOSSOM (2020)

**Suzanne Lindon**

Francia / 73 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**

Suzanne Lindon, Arnaud Valois, Florence Viala de la Comédie Française, Frédéric Pierrot, Rebecca Marder de la *Comédie Française*


**Ficha técnica:**

Guión: Suzanne Lindon  
Fotografía: Jérémie Attard  
Edición: Pascal Chavance  
Produción: Caroline Bonmarchand

**Suzanne Lindon**

(París, Francia, 2000)

Suzanne graduouse con honores no instituto en 2018 e decidiu realizar un curso preparatorio de debuxo dun ano antes de entrar na École Nationale Supérieure des Arts Décoratifs de París. É en 2019, o verán do seu 19 aniversario, cando decide dar o salto á preparación da súa primeira longametraxe como directora e actriz principal: *16 Printemps*.



Suzanne ten 16 anos. A xente da súa idade abúrrea. Cada vez que vai ao instituto pasa diante dun teatro. Alí coñece a un home maior ca ela que se converte na súa obsesión. Aos poucos coñécese e, a pesar da súa diferenza de idade, acaban namorándose. Pero Suzanne sente que pode perder esa vida de adolescente á que tanto lle custou afacerse.

LUN 9, 20:15 | NUMAX  
SAB 14, 15:45 | NUMAX

## APPLES (2020)

**Christos Nikou**

Grecia / 90 min. / Ficción / Grego

**Ficha artística:**

Aris Servetalis, Sofia Georgovassili, Argyris Bakirtzis, Anna Kalaitzidou

**Ficha técnica:**

Guión: Christos Nikou, Stavros Raptis  
Fotografía: Bartosz Świniarski  
Música: The Boy  
Produción: Iraklis Mavroidis, Angelo Venetis, Aris Dagios, Mariusz Włodarski, Christos Nikou

**Christos Nikou**

(Atenas, Grecia, 1984)

A súa curtametraxe *KM* participou en máis de 40 festivais de cinema internacionais, incluído Rotterdam, e gañou o premio á mellor curtametraxe no Festival de Cinema de Motovun de Croacia. Durante os últimos dez anos, traballou como asistente de dirección en longametraxes como *Dogtooth* (Yorgos Lanthimos) e *Before midnight* (Richard Linklater). *Apples* é a súa primeira longametraxe.



No medio dunha pandemia mundial que causa amnesia repentina, Aris atópase inscrito nun programa de recuperación deseñado para axudar aos pacientes non reclamados a construír unha nova identidade. Con tarefas diarias prescritas en cintas de casete para que poida crear novas lembranzas e documentalos coa cámara, Aris regresa á vida cotiá e coñece a Anna, unha muller tamén en proceso de recuperación.

MER 11, 20:00 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 15, 20:00 | NUMAX

## BEGINNING (2020)

**Dea Kulumbegashvili**

Francia, Xeorxia / 125 min. / Ficción / Xeorxiano

**Ficha artística:**

Kakha Kintsurashvili, Rati Oneli, Ia Sukhitashvili


**Ficha técnica:**


Guión: Dea Kulumbegashvili, Rati Oneli  
Fotografía: Arseni Khachaturan  
Edición: Matthieu Taponier  
Produción: First Picture, O.F.A. (Office of Film Architecture)

**Dea Kulumbegashvili**

(Xeorxia, 1986)

Estuda dirección de cine na Universidade de Columbia. Dirixiu as curtas *Invisible Spaces* (2014), que competiu na Sección Oficial de curtas do Festival de Cannes, e *Léthé* (2016), co que volveu ao certame francés, esta vez dentro da Quinzaine des Réalisateurs. *Dasatskisi* é a súa primeira longametraxe e formaba parte da selección oficial do Festival de Cannes 2020, que foi cancelado pola covid-19.

 **2020:** Cuncha de ouro á mellor película, cuncha de prata á mellor dirección, cuncha de prata para a mellor actriz e premio do xurado ao mellor guión no Festival de San Sebastián.



Nunha tranquila vila de provincias, unha comunidade de Testemuñas de Xehová é atacada por un grupo extremista. En pleno conflito, o mundo de Yana, a esposa do líder da comunidade, desfáise lentamente. A insatisfacción interior de Yana medra mentres loita por atopar sentido aos seus desexos.

DOM 15, 20:30 | TEATRO PRINCIPAL  
LUN 16, 20:00 | SALÓN TEATRO

## GAGARINE (2020)

**Fanny Liatard, Jérémy Trouilh**  
Francia / 97 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**  
Asleni Bathily, Lyna Khoudri, Jamil McCraven, Finnegan Oldfield, Farida Rahouadj, Denis Lavant

**Ficha técnica:**  
Guión: Fanny Liatard, Jérémy Trouilh, Benjamin Charbit  
Fotografía: Victor Seguin  
Edición: Daniel Darmon  
Producción: Julie Billy, Carole Scotta

### Fanny Liatard e Jérémy Trouilh

Estudaron xuntos na Escola de Ciencias Políticas de Bordeus. En 2014 gañaron un concurso de guión que lles permitiu realizar a súa primeira curtametraxe, *Gagarine*, que se proxectou en numerosos festivais. Logo viñeron *A République* des Enchanteurs e *Chien bleu*. *Gagarine*, a súa primeira longametraxe, evolucionou a partir do traballo realizado na primeira curta cos habitantes da Cité Gagarine.

W+M



Yuri de 16 anos viviu sempre nas Torres Gagarine nos arredores de París e soña con ser astronauta. Cando se decata dos plans para demoler todo o bloque de apartamentos, Yuri embárcase xunto os seus amigos Diana e Houssan nunha misión para salvar o edificio, transformándoo nunha "nave espacial" antes de que desapareza no espazo para sempre.

A película foi rodada en colaboración con todos os residentes reais das torres, no cumio da actual demolición do proxecto de vivendas Cité Gagarine, en Ivry-sur-Seine.

LUN 9, 16:00 | NUMAX  
XOV 12, 18:30 | NUMAX

## LA DOSIS (2020)

**Martín Kraut**  
Arxentina / 93 min. / Ficción / Español

**Ficha artística:**  
Carlos Portaluppi, Ignacio Rogers, Lorena Vega

**Ficha técnica:**  
Dirección: Guión: Martín Kraut  
Fotografía: Gustavo Biazzi  
Música: Juan Tobal  
Producción: Pablo Chernov

### Martín Kraut

(Bos Aires, Arxentina, 1982)  
Estudou dirección cinematográfica na Universidade do Cine de Bos Aires. Foi fotógrafo, cámara e editor do Centro de Información Xudicial entre 2008 e 2014. En 2017 gañou o Concurso Ópera Prima do INCAA e a Bolsa á Creación do Fondo Nacional das Artes para filmar a súa primeira longametraxe: *La dosis*.



Marcos é un enfermeiro con experiencia. Traballa na quenda nocturna dunha clínica privada provincial. É aplicado e profesional, pero ten un segredo: nalgúns casos extremos aplica a eutanasia. Gabriel, un novo enfermeiro, sacode o sector: é novo, intelixente e fermoso. Axiña descifra o segredo de Marcos tomando progresivamente o control da súa vida. Marcos retráese ata descubrir que Gabriel tamén mata, pero caprichosamente. Esa revelación obrigáralo a enfrontarse a Gabriel, Marcos sabe que só expoñendo a súa verdadeira identidade poderá detelo.

MER 18, 20:00 | NUMAX  
XOV 19, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL

## LA NUÉE / A NUBE (2020)

**Just Philippot**  
Francia / 101 min. / Ficción / Francés

**Ficha artística:**  
Suliane Brahim, Sofian Khammes  
**Ficha técnica:**  
Guión: Jérôme Genevray, Franck Victor  
Fotografía: Romain Carcanade  
Edición: Pierre Deschamps  
Producción: Thierry Lounas e Manuel Chiche

### Just Philippot

(París, Francia, 1982)  
Termina un máster de cinema na Facultade de París VIII en 2007. Guionista e director, é autor de catro curtametraxes, entre elas *Ses souffles* e *Acide*, preseleccionadas para os Cesar. *A nube* é a súa primeira longametraxe.



Para salvar a súa granxa da quebra, unha nai solteira lánzase a unha arriscada cría de saltóns comestibles. Sen decatarse, desenvolve un estraño vínculo obsesivo con eles que a levará a enfrontarse aos campesiños da rexión e aos seus propios fillos, que xa non a recoñecen.

SAB 7, 12:00 | TEATRO PRINCIPAL  
VEN 13, 20:00 | NUMAX

## THE BEST IS YET TO COME (2020)

**Jing Wang**  
China / 115 min. / Ficción / Mandarín

**Ficha artística:**  
White K, Miao Miao, Songwen Zhang, Yang Song  
**Ficha técnica:**  
Guión: Huang Wei, Hwong Minmin, Chen Chengfeng, Li Jingrui  
Fotografía: Yu Lik Wai  
Edición: Matthieu Laclau  
Producción: Jia Zhang-ke

### Jing Wang

(Taiyuan, China, 1984)  
Comezou a súa carreira en 2007 como director de anuncios e documentais. Desempeñouse como asistente de dirección de varias das películas de Jia Zhang-ke, incluída *A touch of sin*, *Mountains may depart* and *Ash is purest white*. *The best is yet to come* é o seu debut como director de longametraxe.



China, 2003. Trala epidemia de SARS, a sociedade goza dunha ilusión incansable e sen precedentes: todo o mundo está disposto a demostrar o que vale. Internet aínda non tomou as rendas da vida social. Os xornais lideran a actualidade, son os reis da información. Un interino chamado Han Dong decide cambiar o destino de máis de 100 millóns de persoas cun só artigo. Inspirada en feitos reais.

LUN 9, 16:30 | SALÓN TEATRO

MER 11, 18:45 | NUMAX

## THE TROUBLE WITH BEING BORN (2020)

**Sandra Wollner**

Austria / 94 min. / Ficción / Alemán

**Ficha artística:**

Lena Watson, Dominik Warta, Ingrid Burkhard, Jana McKinnon

**Ficha técnica:**

Guión: Sandra Wollner, Roderick Warich

Fotografía: Timm Kroger

Edición: Hannes Brunn

Producción: Lixi Frank, David Bohun

**Sandra Wollner**

(Leoben, Austria, 1983)

Dirixiu en 2016 a súa primeira longametraxe, *Das unmögliche bild* (*The impossible picture*), pola que recibiu o Premio da Crítica alemá en 2019. Tamén codirixiu xunto a Michaela Taschek as curtametraxes *Uns geht é gut* (2013) e *Viktor* (2015). *The trouble with being born* foi distinguida co premio do xurado da sección Encounters no pasado Festival de Berlín.



Elli é unha androide e vive cun home ao que chama pai. É quen de lembrar vacacións e calquera cousa que el programe para que ela lembre. Deseñada para asemellarse a unha das súas lembranzas, realmente parece estar viva, ás veces mesmo parece soñar, e con todo non deixa de ser unha máquina, un contedor para as lembranzas que son todo para el e nada para ela. Esas evocacións parecen dominar, de feito chegaron a ter vida propia. Unha noite ela inténase no bosque seguindo un eco evanescente. Pérdese entre as matogueiras ata que é atopada e levada para casa por unha persoa que lle proporciona novas lembranzas e unha nova identidade.

# #CINEUROPA34

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

6/22 NOVEMBRO

2020



Compostela  
Cultura

[cineuropa.gal](http://cineuropa.gal)

**SECCIÓN OFICIAL**

**Dereitos  
humanos**

**#CINEUROPA34**

# Dereitos humanos

A denuncia da pena de morte en Irán en *There is no evil*, galardoada co Oso de Ouro da Berlinale. O custo de defender a democracia na convulsa Colombia de *El olvido que seremos*. A Palestina que aínda ten tempo de canles sentimentais en *Gaza mon amour*. E a tristeza de ter que loitar polo evidente, o respecto á memoria histórica imprescindible, no Val dos Caidos de *Ángeles sin espada*.

SAB 14, 20:00 | NUMAX  
DOM 15, 17:00 | SALÓN TEATRO

## ÁNGELES CON ESPADA (2020)

**Javier Rioyo**

España / 90 min. / Documental / Castelán

**Ficha artística:**

Benito Rabal, Lola Rabal, Nicolás Sánchez-Albornoz, Alberto Bárcena, Pablo Linares, Azucena Rodríguez "La Rubia"

**Ficha técnica:**

Dirección: Javier Rioyo

Guión: Javier Rioyo

Fotografía: Alberto Molina


Edición: Pablo Blanco

Producción: DOC LAND, RTVE

**Javier Rioyo**

(Madrid, 1952)

Licenciado en Ciencias da Información, con estudos en Políticas, Socioloxía e Filoloxía, foi subdirector de Cinemania, columnista de El País e director de programas culturais en televisión e radio. Dirixiu, entre outras, *Asaltar los cielos* (1996; premiada en Tempo de Historia), *Lorca, así que pasen cien años* (1998; aspirante ao Emmy), *A popósito de Buñuel* (2000) e *Extranjeros de sí mismos* (2000, candidata ao Goya e seleccionada en Tempo de Historia). Actualmente é director do Instituto Cervantes de Tánxer, tras dirixir os de Nova York e Lisboa.



O Val dos Caidos foi unha obra de Franco, unha particular obsesión. El atopou o lugar, expropiou os terreos, mandou construír a calquera prezo, decidiu os seus construtores e a súa estética... A ética non estaba no guión. Unha historia a pedra e lume, un símbolo que tamén coñeceu as pelexas dentro do Réxime, franquistas contra falanxistas. Os gañadores tamén tiñan os seus perdedores. Foi, xa non segue sendo, o lugar onde baixo mil cincocentos quilos estaba enterrado un dos máis ignominiosos personaxes da nosa historia.

SAB 21, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 22, 20:00 | SALÓN TEATRO

## EL OLVIDO QUE SEREMOS (2020)

**Fernando Trueba**

Colombia / 136 min. / Ficción / Castelán

**Ficha artística:**

Javier Cámara, Daniela Abad, Aída Morales, Patricia Tamayo, Juan Pablo Urrego

**Ficha técnica:**

Guión: David Trueba

(Novela: Héctor Abad Faciolince)

Fotografía: Sergio Iván Castaño

Edición: Marta Velasco

Producción: Caracol Televisión, Dago García Producciones

**Fernando Trueba**

(Madrid, 1955)

Escritor, director, guionista e produtor de cinema, deuse a coñecer con *Ópera prima* (1980), un filme de baixo orzamento que se converteu nun expoñente da denominada comedia madrileña. En 1993 a súa película *Belle Époque* recibiu o Premio Óscar á mellor película de fala non inglesa. *Calle 54* (2000), *Chico y Rita* (codirixida con Javier Mariscal e Tono Errando en 2010) e *El artista y la modelo* (2012), son outros dos seus títulos.



O médico Héctor Abad Gómez foi un carismático activista polos dereitos humanos no Medellín polarizado e violento dos anos 70. *El olvido que seremos* relata a súa vida, pai de familia preocupado tanto polos seus fillos como polas nenas e nenos de clases menos favorecidas. O seu fogar estaba impregnado de vitalidade e creatividade, froito dunha educación baseada na tolerancia e o amor. Héctor dedicouse ás causas sociais e políticas da época, pero a sociedade intolerante de Medellín acosaríao ata silencioso.

MER 18, 17:00 | TEATRO PRINCIPAL  
XOV 19, 16:00 | SALÓN TEATRO

## GAZA MON AMOUR (2020)

**Tarzan Nasser, Arab Nasser**

Palestina, Francia / 87 min. / Ficción / Árabe

**Ficha artística:**

Salim Daw, Hiam Abbass, Maisa Abd Elhadi, George Iskandar, Hitham Al Omai, Manal Awad

**Ficha técnica:**

Guión: Tarzan Nasser, Arab Nasser

Fotografía: Christophe Graillet

Edición: Chrystel Alépée, Véronique Lange

Producción: Marie Legrand, Rani Massalha

**Tarzan Nasser, Arab Nasser**

(Gaza, Palestina, 1988)

Estes irmáns xemelgos naceron un ano despois do peche dos últimos cinemas de Gaza. Despois de graduarse en belas artes na Universidade Al-Aqsa, desenvolveron a súa paixón polo cinema. En maio de 2013, a súa curtametraxe *Condom lead* estreouse en competición oficial no Festival de Cannes como a primeira película palestina nesta sección. En 2015 estrearon *Dégradé*, a súa ópera prima. *Gaza mon amour* é a súa segunda longa.



Gaza, hoxe. Issa, un pescador de sesenta anos, está segredamente namorado de Siham, unha muller que traballa no mercado coa súa filla Leila. Cando descobre unha antiga estatua fálica de Apolo nas súas redes de pesca, Issa escóndea, sen saber que facer con este misterioso e potente tesouro. Con todo, no fondo, sente que este descubrimento cambiará a súa vida para sempre. Curiosamente, a súa confianza comeza a crecer e finalmente decide achegarse a Siham.

VEN 13, 19:30 | SALÓN TEATRO  
 MER 18, 17:00 | NUMAX

## THERE IS NO EVIL (2020)

**Mohammad Rasoulof**

Irán, Alemaña, República Checa / 150 min. / Ficción / Persa

**Ficha artística:**

Ehsan Mirhosseini, Shaghayegh Shourian, Kaveh Ahangar, Alireza Zareparast, Salar Khamseh, Darya Moghbeli

**Ficha técnica:**

Guión: Mohammad Rasoulof

Fotografía: Ashkan Ashkani

Música: Amir Molookpour


Produción: Mohammad Rasoulof, Kaveh Farnam, Farzad Pak

**Mohammad Rasoulof**

(Shiraz, Irán, 1972)

Comezou a dirixir documentais e curtametraxes mentres estudaba socioloxía. As súas sete longas foron vítimas da censura en Irán. En 2010, foi arrestado no set mentres traballaba xunto a Jafar Panahi e condenado a un ano de prisión. Gañou numerosos premios internacionais polo seu traballo, incluídos varios premios Un Certain Regard en Cannes. Desde 2017, prohibíuselle oficialmente saír de Irán.

 2020: Oso de Ouro na Berlinale



Catro historias sobre fortaleza moral e a pena de morte que cuestionan ata que punto a liberdade individual pode expresarse nun réxime despótico.

## #CINEUROPA34

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

6/22 NOVEMBRO

2020

# Música e cinema

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

# THE KID

Timothy Brock, director

Xoves 19 de novembro, 20.30 h  
 Auditorio de Galicia

*The kid* (1921), de Charles Chaplin  
 Música: Charles Chaplin (1971),  
 restaurada por Carl Davis (1995).

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

#CINEUROPA34



#CINEUROPA34

Volve ao cine. Volve ao mundo real.

**Seccións  
paralelas**  
#CINEUROPA34

## CINEUROPA MIÚDA

Calamity, une enfance de  
Martha Jane Canary /  
Calamity

## MORRICONE, ESE DESCOÑECIDO

Gli intoccabili /  
Las Vegas, 1.970  
Gli occhiali d'oro /  
O home das gafas de ouro  
Il federale /  
O federal  
Il giardino delle delizie /  
O xardín das delicias  
Il grande silenzio /  
O gran silencio  
L'antichristo /  
O anticristo  
La Cuccagna

La moglie piu bella /  
Soa fronte á violencia

Metello

## A ÚLTIMA PELÍCULA: O CINEMA, NO CINEMA

Film

L'enfer d'Henri-Georges Clouzot

Maratonci trce pocasni krug /  
Maratón familiar

Modern romance /  
Un romance de hoxe

Solino

Tempo di viaggio

## CINEFILIAS: EXPLORACIÓN DO CINEMA CLÁSICO

Coeur de lilas

Crazy Love

Das schreckliche Mädchen /  
A moza terrible

Furia Española

Gorod Zero /  
Cidade Cero

J'ai toujours rêvé d'être un gangster /  
Sempre soñei con ser un gánster

Kanzô Sensei /  
Doutor Akagi

Knoflíkáři

Mahanagar /  
A gran cidade

Maskerade /  
Mascarada

Mia zoi tin ehoume /  
Só se vive unha vez

Midareru / Tormento

Miehen Työ /  
Un traballo de homes

Peppermint Candy

Ratcatcher

Vrchní, Prchní! /  
Camareiro, fuxe!

## Programación especial centenario Fellini - Sordi

Guglielmo il dentone  
The Magic of Fellini

## PREMIOS CINEUROPA

El olivo

Nación

Ons

## #CINEUROPA34

SANTIAGO DE  
COMPOSTELA

6/22 NOVEMBRO

2020

**SECCIÓN PARALELA**

**Cineuropa  
Miúda**

**#CINEUROPA34**

# Cineuropa Miúda

A proposta cinematográfica específica para o público máis miúdo é unha das longametraxes de animación máis agardadas do ano e que recolle a lenda da mítica heroína Calamity Jane.

SAB 14, 12:30 | TEATRO PRINCIPAL  
DOM 15, 12:00 | TEATRO PRINCIPAL  
SAB 21, 12:00 | TEATRO PRINCIPAL

## CALAMITY, UNE ENFANCE DE MARTHA JANE CANNARY / CALAMITY (2020)

**Rémi Chayé**

Francia, Dinamarca / 85 min. / Animación / Francés

**Ficha técnica:**

Guión: Rémi Chayé, Sandra Tosello,  
Fabrice de Costil


Edición: Benjamin Massoubre

Música: Florencia Di Concilio

Produción: Claus Toksvig Kjaer,  
Claire La Combe, Henri Magalon



2020: Mellor longametraxe no Festival de Annecy



En 1863, Martha Jane debe aprender como manexar os cabalos dunha carruaxe para poder participar nun convoi que viaxa polo oeste dos Estados Unidos. Un día decide vestir pantalóns e cortar o pelo, xerando así unha enorme polémica que sacará a relucir o seu verdadeiro carácter fronte as innumerables dificultades que se presentan nun mundo tan grande como salvaxe e no que todo é posible.

# FESTIVALES SEGUROS

# #YO VOY AL CINE

EL INSTITUTO DE LA CINEMATOGRAFÍA Y DE LAS  
ARTES AUDIOVISUALES DE ESPAÑA EN SU OBJETIVO  
DE PROMOCIÓN DEL CINE ESPAÑOL

**APOYA ESTE FESTIVAL**  
CON LA FINANCIACIÓN DEL GOBIERNO DE ESPAÑA



**SECCIÓN PARALELA**

**Morricone,  
ese desconocido**

**#CINEUROPA34**

# Morricone, ese desconocido

O tributo ao compositor europeo do século XX que máis influíu na música para o cinema. Un repaso do Morricone menos evidente, a través de películas que conteñen algunhas das súas partituras menos coñecidas.

MAR 10, 16:00 | AUDITORIO (SALA MOZART)

## GLI INTOCCABILI / LAS VEGAS, 1.970 (1969)

**Giuliano Montaldo**

Italia / 94 min / Ficción / Inglés

**Ficha artística:**

John Cassavetes, Britt Ekland, Peter Falk, Gabriele Ferzetti, Luigi Pistilli, Margherita Guzzinati, Claudio Biava, Steffen Zacharias, James Morrison, Florinda Bolkan, Tony Kendall, Salvo Randone, Gena Rowlands, Maria Mizar, Euplio Moscosu

**Ficha técnica:**

Guión: Giuliano Montaldo, Mino Roli (Novela: Ovid Demaris)  
Fotografía: Erico Menczer  
Música: Ennio Morricone  
Producción: Eurointer, Euroatlantica



1969: Festival de Cannes: Nominada á Palma de Ouro



Un ex-presidiario, individualista e solitario, planea un gran golpe: atracar o Casino Royal de Las Vegas. Pero ignora que o local é propiedade da máfia, e esta sociedade non admite competencia.

DOM 22, 19:00 | AUDITORIO (SALA MOZART)

## GLI OCCHIALI D'ORO / O HOME DAS GAFAS DE OURO (1987)

**Giuliano Montaldo**

Italia / 110 min. / Ficción / Italiano

**Ficha artística:**

Philippe Noiret, Rupert Everett, Valeria Golino, Nicola Farron, Stefania Sandrelli, Roberto Herlitzka, Riccardo Diana, Anna Lezzi, Anna Lezzi, Giovanni Rubin De Cervin, Lavinia Segurini, Luca Zingaretti, Ivana Despotovic, Rade Markovic

**Ficha técnica:**

Guión: Nicola Badalucco, Antonella Grassi, Giuliano Montaldo, Valerio Zurlini (Novela: Giorgio Bassani)  
Fotografía: Armando Nannuzzi  
Música: Ennio Morricone  
